



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA
LUÍS SEOANE



Erasmus+

PLAN XERAL ANUAL

IES LUÍS SEOANE

CURSO 2022-2023

Aprobado en Claustro do día 24 e Consello Escolar do día 26 de outubro de 2022

EQUIPO DIRECTIVO

DIRECTOR: CARLOS GARCÍA FERNÁNDEZ

VICEDIRECTORA: M^a XOSÉ DOURADO CAMPOS

SECRETARIA: HENAR RODRÍGUEZ SEIJAS

XEFA DE ESTUDOS: ARIELA PELIQUÍN TESTA

X.ESTUDOS ADULTOS: JOAQUÍN PECE MONTENEGRO

Í N D I C E

CAPÍTULO I

1. [PLAN ANUAL](#)
 - Obxectivos, Medidas e Recursos específicos para o curso académico.
2. [HORARIO XERAL](#)
 - Horario lectivo, Horario de uso das instalacións e Horario de verán.
3. [ORGANIZACIÓN SERVIZOS COMPLEMENTARIOS](#)
 - Transporte e comedor.

CAPÍTULO II

1. [DOC](#)

CAPÍTULO III:

1. [ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS](#)
ACTIV. EXTRAESCOLARES.
2. [ACTIVIDADES DINAMIZACIÓN L.GALEGA](#)
3. [PROG. FORMACIÓN PROFESORADO](#)
4. [FCT E PROG.INTERNAC.](#)

ANEXO I E II:

1. [PEC](#)

ANEXO V

1. [PLAN ANUAL DE LECTURA:](#)

ANEXO VI

1. [PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC](#)

[PROXECTO LINGÜÍSTICO](#)

[CONCRECIÓN ANUAL PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE](#)

[CONCRECIÓN ANUAL PLAN DE CONVIVENCIA](#)

[EQUIPO DINAMIZACIÓN L.G.](#)

CAPÍTULO I

1 PLAN ANUAL

OBXECTIVO 1 MELLORA DO RENDEMENTO ACADÉMICO

MEDIDAS

- Fomentar os catro Clubs de lectura de alumnos e alumnas de ESO, Bacharelato e FP, dándolle un carácter interdisciplinar.
- No curso actual solicítanse os seguintes contratos-programa:
 - CP INCLÚE
 - 2. Iguála-T
 - 4. Inclúe-T
 - CP INNOVA
 - 1. EDUinnova
 - 2. EDUexcelencia
 - 3. EDUsaúde
 - 4. EDUsostibilidade
 - 5. EDUcalidade
- Así mesmo, solicítase a ACREDITACIÓN ALUMNADO LE.
- CUALE un proxecto complementario de linguas estranxeiras do departamento de Francés, nas tardes do luns e do xoves.
- O alumnado de Iniciativa á actividade empresarial, coa docente Elena Iavedra, e o de Economía, con Desiré Rodríguez, participan en EDUEMPRENDE
- Tamén se solicita a participación nos PLANS PROXECTA:

- 08. Consumópolis	Desiré Rodríguez
- 09. Galicons-net	
- 05. Activista polo mundo que queremos	
- 28. Parlamento Xove	
- 20. Proxecto Ríos	Carla Alonso
- 32. Quérote+	
- 25. Salvavidas	Ana Fernández

- Incentivar a participación no Club da ciencia e PLAMBE
- Ampliación e fomento da participación no PFPP
- Aplicar as medidas de atención á diversidade diferenciando o alumnado que precisa e cumpre os requisitos para ACS, reforzo educativo ou agrupamentos flexibles, exención de Galego, e continuar coa colaboración dos centros non adscritos para ter os expedientes completos do alumnado de nova incorporación.

- Aplicación do protocolo nos casos de absentismo escolar.
- Definir ao alumnado con apoio coas profesoras de PT dentro ou fóra da aula, en horario lectivo.
- Organizar ao profesorado que atende a aula de Reforzo-convivencia para que poda ocuparse do alumnado que o equipo pedagóxico considere que pode recibir reforzo educativo fora da aula en determinadas materias.
- Revisión e aplicación das pautas para o reparto de tarefas entre o profesorado para recuperar o alumnado pendente e repetidor en todas as etapas educativas (ESO, bacharelato e FP)

RECURSOS

- Comisión de coordinación pedagóxica
- Avaliacións iniciais e continuas
- Departamento de Orientación e PT
- Xefatura de estudos
- Grupo de traballo de biblioteca e participación Clubs Lectura
- Aula de Reforzo-convivencia.
- Coordinación PFPP
- Departamentos Economía, Francés, Inglés e Coord. Emprendemento.

OBXECTIVO 2

MELLORA DA CONVIVENCIA

MEDIDAS

- Traballar co grupo de mediación e resolución de conflitos.
- Realización da formación de novo alumnado
- Utilizar estratexias de mediación entre alumnado e familias e profesorado cando sexa necesario
- Aplicar as medidas correctoras con rapidez e de forma equilibrada.
- Incentivar a corresponsabilización do alumnado na resolución de conflito.
- Na titorización dos responsables de Príncipe Felipe có seu alumnado, e para reducir ao mínimo os problemas de comunicación có centro e os educadores, incidir na necesidade de que exista unha canle directa e áxil.

RECURSOS

- Plan de convivencia
- Plan Director para a convivencia da Delegación do Goberno
- Programa de Habilidades sociais
- Comisión de convivencia

- Consello escolar
- Titores e titoras
- Equipo Directivo
- Departamento de Orientación
- Xunta de delegados
- Grupo de Mediación

OBXECTIVO 3 MELLORAR A RELACIÓN COAS FAMILIAS

MEDIDAS

- Organización das citas e atención flexible e áxil das familias
- Publicación na web de todas as novas
- Información frecuente das titoras/es
- Fomento do uso de ABALAR para traslado de información

RECURSOS

- Plan de acollida
- Páxina web e AbalarMobil
- Departamento de orientación
- Titores e profesorado en xeral
- Xefa de estudos
- Director

OBXECTIVO 4 MELLORAR A RELACIÓN CO CONTORNO

MEDIDAS

- Promoción da participación de organismos externos (Cruz Vermella, Concello, Secretariado xitano...)
- Contacto fluído cos centros de infantil e primaria adscritos.
- Iniciaremos de novo a cesión para a utilización das instalacións do centro a institucións ou asociacións sen ánimo de lucro do barrio e da cidade.

RECURSOS

- Departamento de Orientación
- Vicedirección
- Xefa de estudos e Director

OBXECTIVO 5 MELLORA DA PROXECCIÓN EXTERIOR

MEDIDAS

- Manter e reforzar, se e necesario, as relacións da FP co contorno (empresas, organizacións empresariais e sindicais, etc.)
- Promoción da FPDUAL e consolidación do novo ciclo de Transporte e Loxística a Distancia.
- Promoción da participación do centro nos proxectos da rede de escolas asociadas á UNESCO.
- Remataremos durante o presente curso coa coordinación do programa Erasmus+ KA229, para alumnado de ESO-Bach, que fomentará os intercambios e mellorará o coñecemento de idioma estranxeiro do alumnado: **“Sustainability and Citizenship: the education challenge for the future - SEED-”**, xunto con Grecia, Polonia, Portugal e Romanía.
- Solicitudade da Acreditación Erasmus
- Fomentar a participación nos programas ERASMUS para alumando de FP e profesorado.
- Colaboración coas Universidades para a realización do Prácticum

RECURSOS

- Comité UNESCO
- Responsable de Programas internacionais e FCT
- Responsable de FP Emprende
- Centro de infantil e primaria adscritos
- Dirección
- Departamentos de FP

OBXECTIVO 6 FOMENTO DA INICIATIVA EMPRENDEDORA DO ALUMNADO

MEDIDAS

- Impulsar para todos os grupos de Secundaria, Bacharelato e FP a participación nas actividades de Fomento do emprendemento que organizan a Consellería de educación e Deputación de Pontevedra. Impulsar a participación na convocatoria de premios relacionados.
- Organizar para os ciclos formativos actividades e charlas para fomentar a iniciativa emprendedora e que poñan en contacto ao alumnado co mundo empresarial.
- Asesorar ao alumnado que requira dos servizos do Viveiro de empresas.

RECURSOS

- Coordinadora do viveiro de empresas
- Xefes de departamento de FP e Economía
- Cargos directivos
- Profesorado.

OBXECTIVO 7 FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

MEDIDAS

- Fomento da participación do alumnado no Consello Escolar que deberá renovarse neste curso.
- Renovación da Xunta de Delegados

RECURSOS

- Departamento de Orientación
- Equipo Directivo
- Consello escolar
- Asociacións de Estudantes

OBXECTIVO 8 PLAN DE AUTO PROTECCIÓN

MEDIDAS

- Realización dos Simulacros de Emerxencia
- Actualización Plan de Alerta sanitaria escolar

RECURSOS

- Proxecto de Autoprotección e Plan de Emerxencia e evacuación
- Entes Públicos correspondentes
- Equipo Directivo
- Profesorado
- 061 serv. alerta sanitaria

OBXECTIVO 9 ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

MEDIDAS

- Distribuír equilibradamente as saídas intentando evitar a aglomeración nos dous últimos meses
- Dinamizar a participación no Comité UNESCO, Clube de Debate e Club de Lectura.
- Buscar a coordinación entre departamentos

RECURSOS

- Comité UNESCO
- Departamentos
- Vicedirección

OBXECTIVO 10 MANTEMENTO E MELLORA DOS EQUIPOS PARA A PRÁCTICA DOCENTE

MEDIDAS

- Cumprimento dos obxectivos do Plan Dixital
- Actualización de equipos.
- A través do PFPP impartiranse cursos de aula virtual e de Edixgal.

RECURSOS

- Dirección - Vicedirección
- Coordinadora Edixgal
- Coordinadora PFPP

OBXECTIVO 11 CUMPRIMENTO DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

MEDIDAS

- Revisar o cumprimento do acordado segundo o marco legal.
- Mellorar o nivel de competencia lingüística do alumnado.

RECURSOS

- Grupo de dinamización lingüística
- Departamentos
- CCP
- Xefa de estudos

OBXECTIVO 12 INCIDIR NO TRATAMENTO DE CUESTIÓNS MEDIOAMBIENTAIS LIGÁNDOAS A ACCIÓNS NO CENTRO

MEDIDAS

- Fomentar o consumo responsable en tódolos aspectos.
- Tratar correctamente os refugallos.
- Eliminar o consumo de plásticos.
- Evitar consumos innecesarios de papel.

RECURSOS

- Concello
- Profesorado
- Alumnado
- Secretaria

OBXECTIVO 13 AVANZAR NA IGUALDADE DE XÉNERO

MEDIDAS

- Participar en proxectos relacionados coa temática.
- Participar no Plan director de Convivencia da Delegación do Goberno.
- Participar no Plan de Igualdade Municipal.
- Promocionar e dinamizar o grupo de traballo permanente NEOFEM.

RECURSOS

- Plan Director de Convivencia
- Observatorio de convivencia
- Consello escolar
- Concello
- Alumnado
- Grupo NEOFEM

2 HORARIO XERAL DO CENTRO

- O centro permanecerá aberto dende as 8:30h. ata as 14:45 e dende as 15.45 ata as 22:45h.
- O horario lectivo será:
 - ✓ De 9:00h ata 14:30h de luns a venres, para ESO, Bach, FPB e Ciclos
 - ✓ De 16:30h ata 18:10h os martes para ESO, Bach. e FPB
 - ✓ De 16:00h ata 18:30h os luns e mércores en Ciclos
 - ✓ De 16:00h ata 22:40 para FPDual e os 2º cursos de Comercio Internacional e Xestión de Vendas.
 - ✓ De 17:40h ata 22:40h de para o réxime de adultos.
- O alumnado poderá dispoñer das instalacións do centro durante as horas de apertura, previa solicitude de autorización cando sexan actividades non curriculares.
 - As asociacións e grupos deportivos, non profesionais, poderán utilizar as instalacións do centro neste curso.

Horario de verán

- No mes de xullo, de 8:45 a 14:45 horas, ao público de 9:00h a 14:00h
- En agosto, de 9:00 a 14:00 horas, ao público de 10:00h a 13:00h

3 SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

Servizo de comedor: non temos

Transporte: existen catro rutas de transporte escolar que realizan as empresas *Rías Baixas* e *Monbus*.

O número de alumnos que utiliza o transporte escolar é de 148.

CAPÍTULO II

1 DOC

Será remitido no momento que a aplicación permita a súa confección.

CAPÍTULO III

1 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**ACTIVIDADES DE DEPARTAMENTOS****MATEMÁTICAS**

Valorarase a posibilidade de participación dos/as alumnos/as a concursos matemáticos que se organicen e tamén a asistencia a conferencias, exposicións, visitas, talleres e outras actividades de interese matemático que poidan xurdir ao longo do curso.

COMERCIO E MARKETING

As actividades propostas para este curso son as seguintes:

VISITAS A EMPRESAS:

PONTUP STORE (Setembro) 2º C.S. Xestión Ventas.

CONXEMAR (outubro), 2º C.S. Comercio Internacional.

FEIRA LOXÍSTICA DE MADRID (26-28 OCTUBRE). 2º C.S.X.V.

ETIQUETA NEGRA (novembro) 1º e 2º C.M. Actividades comerciais e C.M. DUAL

EDUGAL (varios grupos)

SALÓN DEL AUTOMÓVIL DE VIGO (marzo, IFEVI) 1º C.M. ACO.

PULL&BEAR (10 febreiro, Narón) 2º C.S.X.V. e MARINEDA 1º C.S.C.I. (en el mismo autobús).

PORTO DE VIGO 1º C.S.C.I.

BANCO ALIMENTOS PROVINCIAL (fecha por concretar) 2º C.S.X.V.

CENTRO COMERCIAL VIALIA.

BODEGAS RÍAS BAIXAS (Pazo Baión, Martín Codax,...) visita a unha bodega da zona enfocada a que lle expliquen ao alumnado o proceso de fabricación, pero

tamén as diferentes formas de distribución.

Para 2º C.M.ACO. Proponse unha das seguintes visitas:

- CONSTRUCTEC. Del 15 al 18 de novembro en Madrid.
- MOBILEV WORLD. Del 27 de febreiro ao venres 3 de Marzo en Barcelona.

CHARLAS E CONFERENCIAS

Como en cursos anteriores, organizaranse charlas e conferencias que serán impartidas no propio centro, entre outras:

- charla de un emprendedor de la provincia en las instalacións del centro y en horario de clase para 2º C.M.ACO.
- Asistencia a conferencias de forma virtual, especialmente: Evento del Observatorio de Branding(ondho.com).
- Conferencia de experto en patrocinios.

Hai que ter en conta que ao longo do curso poden xurdir charlas, conferencias, ferias e visitas que resulten interesantes para o alumnado polo que, dado o caso, serán solicitadas.

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

ACTIVIDADES PROGRAMADAS PARA 1º ESO				
ACTIVIDADE	LUGAR	DATA	AUTOBÚS	CUSTO ADICIONAL
Ruta do Arboreto do Campus Universitario da Xunqueira en Pontevedra	Campus de Pontevedra	Maio	Si	Non
Acuario do Grove e ruta en catamarán pola ría de Arousa.	O Grove	Marzo-Abril	Si	15€
Visita a Parque natural Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán, Castro de Baroña e Dolmen de Axeitos.	Ribeira e Porto do Son	3º trimestre	Si	Non

Quen vive ahí? Do programa revitaliza da Deputación de Pontevedra.	Na Biblioteca do IES	Por determinar	Non	Non
---	----------------------	-------------------	-----	-----

ACTIVIDADES PROGRAMADAS PARA 3º ESO				
ACTIVIDADE	LUGAR	DATA	AUTOBÚS	CUSTO ADICIONAL
Visita as Illas Cíes, Parque Nacional das Illas Atlánticas.	Illas Cíes	3º trimestre	Si	12€
Visita a Domus e Torre de Hércules	A Coruña	3º trimestre	Si	2€

ACTIVIDADES PROGRAMADAS PARA 4º ESO				
ACTIVIDADE	LUGAR	DATA	AUTOBÚS	CUSTO ADICIONAL
Para alumnos da materia de Bioloxía.				
Ruta xeolóxica: A Lanzada, Praia de Bascuas e Monte Siradella	Praia de Bascuas, Monte Siradella e ermida da Lanzada	3º trimestre	Si só pola mañá	Non
Para os alumnos de Ciencias Aplicadas a Actividade Profesional.				
Visita a Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR).	Praceres (Pontevedra)	3º trimestre	Si	Non
Visita a Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP) de Léz.	Pontevedra	3º trimestre	Si	Non
Participación no Proxecto Ríos do Plan Proxecta.	Río Almofrei Bora	1º-3º trimestre	Si	Non
Experiencias do pH do solo. Do programa revitaliza da Deputación de Pontevedra.	Na biblioteca do IES	1º trimestre	Non	Non

ACTIVIDADES PROGRAMADAS PARA 1º BACHARELATO				
ACTIVIDADE	LUGAR	DATA	AUTOBÚS	CUSTO ADICIONAL
Para os alumnos de Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais.				
Intermareal nunha praia do Grove.	praia de A Lanzada	3º trimestre	Si só pola mañá	
Vídeo conferencia coa Base Antártica Española do ET "Gabriel de Castilla" na Illa Decepción.	No IES	2º trimestre		
Visita ao edificio CACTUS da USC e o Museo de Historia Natural da Universidade de Santiago de Compostela.	Santiago de Compostela	2º trimestre	Si	
Ruta do Arboreto do Campus Universitario da Xunqueira en Pontevedra.	Campus de Pontevedra	Maio	Si	Non
Para os alumnos de Cultura Científica.				
<i>Proxecto Ríos</i>	Río Almofrei (Bora)	1º-3º trimestre	Si	Non
Para os alumnos de Anatomía Aplicada.				
<i>Domus</i> e Torre de Hércules	A Coruña	2º trimestre	Si	2€
ACTIVIDADES PROGRAMADAS PARA 2º BACHARELATO				
ACTIVIDADE	LUGAR	DATA	AUTOBÚS	CUSTO ADICIONAL
Para os alumnos de Bioloxía				
Vídeo conferencia coa Base Antártica Española do ET "Gabriel de Castilla" na Illa Decepción.	No IES	2º trimestre	Non	Non

Visita ao edificio CACTUS da USC e o Museo de Historia Natural da Universidade de Santiago de Compostela.	Santiago de Compostela	2º trimestre	Si	Non
Para os alumnos de Ciencias da Terra e do Medio Ambiente				
Visita a Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR).	Praceres (Pontevedra)	3º trimestre	Si	Non
Visita a Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP) de Lérez.	Pontevedra	3º trimestre	Si	Non
Participación no Proxecto Ríos do Plan Proxecta.	Río Almofrei (Bora)	1º e 3º trimestre	Si	Non
Visitas á Base de helicópteros de "O Campiño" para interactuar alí con membros das unidades helitransportadas de combate dos incendios forestais para impulsar a educación ambiental para a loita contra os incendios forestais.	O Campiño (Pontevedra)	3 de outubro	Si	Non
ACTIVIDADES PROGRAMADAS PARA FP BÁSICA				
ACTIVIDADE	LUGAR	DATA	AUTOBÚS	CUSTO ADICIONAL
Visita a Domus e Torre de Hércules	A Coruña	2º trimestre	Si	2€

ORIENTACIÓN

Este curso escolar, a programación de actividades complementarias e extraescolares do Departamento de Orientación será a seguinte:

- **Visita ao IES Montecelo:**

- Alumnado ao que vai dirixida: Alumnado de 2º e 3º de ESO, susceptible de ser derivado a unha FP Básica, e alumnado de 4º de ESO interesado en cursar un Ciclo Medio. o Temporalización: Na semana de portas abertas do IES Montecelo.

- **Visita aos Ciclos de FP do noso instituto:**
 - o Alumnado ao que vai dirixida: Alumnado de 2º e 3º de ESO, susceptible de ser derivado a unha FP Básica, alumnado de 4º de ESO interesado en cursar un Ciclo Medio e alumnado de Bacharelato interesado en cursar un Ciclo Superior das familias profesionais de Administración e Xestión e Comercio e Márketing.
 - o Temporalización: No terceiro trimestre.

- **Visita ao Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo:**
 - o Alumnado ao que vai dirixida: Alumnado de Bacharelato e de 2º curso de Ciclos Superiores. o Temporalización: Nas Xornadas de Portas Abertas da Universidade de Vigo.

- **Charlas sobre Graos Universitarios vinculados coas familias profesionais de Administración e Xestión e Comercio e Márketing:**
 - o Alumnado ao que vai dirixida: Alumnado de Bacharelato e Ciclos Superiores.
 - o Temporalización: Por determinar.

- **Curso de formación de Mediadores Escolares:**
 - o Alumnado ao que vai dirixido: Alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º ESO do Equipo de Mediación Escolar ou que estea interesado en formar parte do mesmo. o Temporalización: Por determinar.

- **Saída Mediación Escolar:**
 - o Alumnado ao que vai dirixida: Alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º ESO que forme parte do Equipo de Mediación Escolar.
 - o Temporalización: Por determinar.

- **Actividades do Programa de prevención de condutas adictivas do Concello:**
 - o Alumnado ao que vai dirixida: Alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO e 1º e 2º de Ciclo Básico de Servizos comerciais.

o Temporalización: No segundo e terceiro trimestre.

- **Programa de Prevención de Condutas Violentas da Cruz Vermella:**
 - o Alumnado ao que vai dirixida: Alumnado de 2º e 3º ESO.
 - o Temporalización: No primeiro trimestre.

- **Talleres sobre Educación para a Saúde da Cruz Vermella:**
 - o Alumnado ao que vai dirixida: Alumnado de 3º ESO e de Ciclo Básico de Servizos Comerciais. o Temporalización: No segundo e terceiro trimestre.

- **Charlas ofertadas polo Plan Director para a Convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos:** o Alumnado

ao que vai dirixida: Alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO e 1º e 2º de Ciclo Básico de Servizos comerciais. Tamén se vai solicitar esta actividade para os pais/nais/titores do mencionado alumnado.

- Temporalización: Por determinar.

Actividades no marco do Contrato-Programa IGUÁLA-T:

Desenvolveranse accións que interveñan no fomento da coeducación, promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, prevención e tratamento da violencia de xénero, promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual, prevención e tratamento da LGBTIfobia e outras medidas semellantes. **Perfil:** Todo o alumnado escolarizado no instituto.

Actividades no marco do Contrato-Programa INCLÚE-T:

Desenvolveranse medidas que fomenten e melloren a inclusión no centro dirixidas: á atención á diversidade, á inclusión educativa e social de todo o alumnado, á colaboración con asociacións que traballan na diversidade funcional, ao fomento de recreos igualitarios e inclusivos, ao desenvolvemento de dinámicas de traballo cooperativo, á creación de escolas de nais e pais, e outras medidas semellantes vencelladas á diversidade.

Perfil: Todo o alumnado escolarizado no instituto.

Ademais das actividades reseñadas, poden xurdir outras ao longo do curso que nos poidan ofertar e consideremos que se axustan ao establecido no PAT do noso Centro.

ARTES PLÁSTICAS

EDUCACIÓN PLÁSTICA 1º 3º 4º ESO

As actividades complementarias centraríanse na realización de traballos creativos especiais que permitisen relacionar os aprendizaxes adquiridos con temas que se poidan extraer do contorno habitual do alumnado. Podería tratarse da elaboración de propostas artísticas para temas relacionados co centro educativo, o barrio, a cidade, ou calquera outro contexto de interese que puidese xurdir.

Tamén abarcarían este tipo de actividades as saídas ó exterior para realizar visitas a obras de arte do contorno, cuestións relacionadas co patrimonio cultural ou exposicións de calquera tipo de representación artística, sempre que se considerase que ten interese educativo e pode ser apreciada e asimilada por alumnos das idades que comprende este curso.

DEBUXO TÉCNICO 1 1º BACH

Non hai un gran marxe de manobra nesta materia para programar actividades complementarias, xa que o seu carácter técnico e abstracto, así como o seu programa intenso dificulta tanto conceptualmente como temporalmente a realización de traballos complementarios que saian do puramente académico

dentro do programa oficial. Só poderían pensarse algunhas actividades puntuais relacionadas con algunha outra materia que precisase apoio desta no que se refire a representación técnica. Non se me ocorre, polo tanto, cal sería a forma de programar estas actividades e deixareinas indefinidas, matizando en todo caso que serían poucas e moi puntuais. En cuanto ás saídas ó exterior para realizar algún tipo de visitas, estas terían que enfocarse basicamente a campos técnicos, xa que esta materia cúrsana alumnos que enfocan o seu futuro cara a enxeñaría ou a ciclos profesionais de tipo similar. Unicamente os estudantes que intentasen realizar estudos de arquitectura poderían diversificar algo máis as actividades no exterior e visitar lugares que tivesen algo máis que ver co mundo artístico ou o deseño.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

As actividades deste departamento lévanse a cabo en colaboración cos outros, co Equipo de Biblioteca (dado que todas as integrantes forman parte del), co Comité UNESCO e outros:

- Participación nos Plans Proxecta, PFPP e contratos-programa: alumnado e profesoras da materia de Lingua Galega e Literatura.
- *Escrita con zume, un proxecto sostible e circular arredor do carballo de Santa Margarida.* Co Club de Ciencias temos previsto realizar as seguintes actuacións:
 - Recollida de landras para o CIFP Carlos Oroza (elaboración de fariñas).
 - Visita ao carballo de Santa Margarida (18/11/22). Xornada de amizade (CIFP Carlos Oroza –merenda elaborada en “full track”, CIFP A Xunqueira -construción de valo protector-, Escola de Enxeñaría Forestal -recuperación do carballo-, CMUS –concerto- veciñanza) entre todos os axentes implicados neste segundo curso de proxecto.
 - Elaboración de soportes para a tinta: coiro (*Os Alegres* de Mourente; follas).
 - Curso de caligrafía con María Sancho; segundo curso.
 - Impresión natural en tea (Profesora Silvia Mosquera).
 - Saídas didácticas: mosteiros de Poio e Samos (documentos medievais escritos con zume).
- Asistencia a representacións teatrais, segundo posibilidades.
- Charlas, encontros, rutas literarias...
- Exposicións: Samaín, relatos de medo, Letras Galega, Día do Libro, ...
- Participación no Salón do Libro Infantil e Xuvenil (temática: o xogo)

- Participación en Radio na Biblio.
- Organización de dous grupos do *Club de Lectura Cando Lemos*.
- Saída didáctica a Lugo co Departamento de Latín: teatro clásico, Muralla e actividades no Museo Provincial sobre *Contos de medo no Museo* (AAVV).
- Saídas didácticas a lugares de interese relacionadas cos contidos curriculares da materia.

EDUCACIÓN FÍSICA

CURSO	ACTIVIDAD COMPLEMENTARIA	TRIMESTRE
1º BACH	Iniciación al pádel	1º TRIMESTRE
3º ESO	Iniciación al piragüismo en verducido	1º TRIMESTRE
4º ESO	Baloncesto adaptado en silla de ruedas: club amfiv	1º TRIMESTRE
3º Y 4º ESO	Patinaje en hielo	1º TRIMESTRE
4º ESO / 1º BACH	Charla de assei	1º TRIMESTRE
2º ESO	Saída ás inmediacións do IES para facer un roteiro "de coidado do medioambiente" facendoo coincidir co día do Medioambiente	2º TRIMESTRE
1º / 2º ESO	Primeiros Auxilios. (Actividade colaborativa co alumnado de DISCEN de Bach A e B)	2º / 3º TRIMESTRE
3º ESO / 1º BACH	Proxecta salvavidas Colaboración con asociación Frangil Actividades, charlas...	2º / 3º TRIMESTRE
3º ESO / 4º ESO	Contrato programa innova de Saúde: charlas, actividades...	2º/3º TRIMESTRE
3º, 4º Y 1º BACH	Actividad multideportiva	2º TRIMESTRE
1º BACH	Iniciación al tenis de mesa (monteporreiro)	2º TRIMESTRE
4º ESO	Iniciación al rugby	3º TRIMESTRE

3º, 4º Y 1º BACH	Actividades multiaventura	3º TRIMESTRE
2º ESO	Visita as instalación de Padel de Monteporreiro.	3º TRIMESTRE
2º ESO	Saída polo carril bici como actividade final da última UDD	3º TRIMESTRE
1º BACH	Ruta de senderismo por el río	1º/2º/3º TRIMESTRE
1º ESO	Posibilidade de deporte exhibición en colaboración con entidades ou federacións deportivas. Multideporte.	CURSO ESCOLAR

LINGUA CASTELÁ

Ao longo do curso realizaranse diferentes tipos dende o departamento. Entre as posibles e propostas están as seguintes:

- Proxectos relacionados coas paisaxes lingüísticas, concretamente cos da contorna do Instituto.
- Realización de mesa redonda polo Día das Escritoras con Eva Mejuto, Fina Casalderrey e Montse Fajardo.
- Antoloxías cartoneiras dos textos recomendados.
- Imitatio con mitos a través de "Mitoloxía futura" de Xan Eguía
- Encontros con autores/as (María Menéndez Pidal, Caré Santos, etc.)
- Saída a Compostela ao Parque do Banquete de Conxo (Interdepartamental para alumnado de 2º ESO)
- Participación en clubs de debate e oratoria a través da radio
- Roteiro de memoria histórica (interdepartamental)
- Proxección documental: Dores sobre os campos de concentración en Galicia (interdepartamental)
- Propostas xa puntuais e coordinadas nos días importantes do calendario escolar (25N, Día da paz, 8M...)
- Propostas mensuais organizadas a cargo do departamento (bucacas do tesouro, gimkanas literarias, etc.)
- Saídas ao teatro para representación varias.
- Redacción de Epitafios para a festa do Samaín
- Saída para participación en debates dende a materia de Oratoria

FILOSOFÍA

ALUMNADO DE VALORES ÉTICOS (de 1º a 4º ESO)

Procurárase que o alumnado participe nos eventos e conmemoracións que constitúen a vida do centro e naquelas actividades axeitadas para a súa idade que poidan xurdir ao longo do curso, especialmente as relacionadas coa conmemoración da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (Decembro), para o primeiro ciclo, e da Semana da muller (Marzo) para o segundo ciclo.

ALUMNADO DE 4º ESO FILOSOFÍA e 1º e 2º BACHARELATO FILOSOFÍA

Este alumnado de bacharelato será o principal destinatario de conferencias ou charlas, que poidamos acordar coa Universidade ou outras entidades de carácter científico ou acción cidadá.

Para 4º ESO: asistencia á unha vista oral nos xulgados de Pontevedra (**custo autobús**), e asistencia a algunha das ponencias da Semana de Filosofía (**custo autobús urbano**), esta actividade pode ser extensible a 1º bacharelato, se fose posible e tendo en conta as limitacións de aforo, se é que algunha é axeitada para o alumnado.

ALUMNADO de PSICOLOXÍA (2º Bacharelato)

Posible charla de un/unha psicólogo/a profesional

ALUMNADO DE PROXECTO ATLÁNTICO (2ºBacharelato)

Actividade coa Unidade de loita contra o lume do Campiño (autobús9

Sempre tendo en conta a situación do momento e as posibilidades.

No caso de que este curso o Concello non ofrecese o programa de medio natural, buscaríamos outro contacto para algunha saída a contorna que permita traballo de campo relacionado coas cuestións forestais (**neste último caso autobús ou microbús**) probablemente no concello de Pontecaldelas.

Participación nalgunha das actividades organizadas polo Museo do mar de Vigo para este curso (**autobús a Vigo**), ou a calquera outra localidade marítima que permita a aproximación a temática e tradición mariñeira.

Participación na Xornada Atlántica na conmemoración do día do Medio Ambiente (xuño).

---Calquera outra actividade que poda xurdir durante o curso relacionada coa sostibilidade e que poda ser aproveitada polo alumnado.

ADMINISTRACIÓN E FINANZAS

Visitas a feiras, xornadas,...

- Xornadas de emprendemento feminino. Escola de Igualdade María Vinyals. Deputación de Pontevedra. Data: 20 setembro.
- Feira de emprendemento Pont Up Store: 23 de setembro. Pontevedra.
- EDUGAL: mércores 26 outubro. Pontevedra.
- Etiqueta Negra: luns 14 novembro. Pontevedra.
- Culturgal: sábado 26 de novembro. Pontevedra.
- Salón SÍ QUERO: sábado 28 de xaneiro. Pontevedra.
- Érték Conference: data sen determinar. Facultade de Comunicación. Pontevedra.
- Congreso Flúor: data sen determinar, seguramente no terceiro trimestre. Pontevedra.

Actividade a realizar polo alumnado de 2º de Asistencia:

- Realización dunha mesa redonda retransmitida por streaming. Data: segundo trimestre.

Visitas a Asociacións, entidades, empresas:

- Visita á Asociación Juan XXIII para que nos expliquen as dinamizacións (eventos) que fan para os concellos.
- Visita á empresa "O Sanatorio". Pontevedra. Lugar interdisciplinar creativo, onde se realizan, entre outros, eventos corporativos como teambuildings.
- Visita o Viveiro de Barro.

Charlas técnicas na aula:

- Charla dunha técnica de turismo sobre as viaxes internacionais de negocios.
- Charla dun técnico de consumo para o tema das reclamacións e queixas dos usuarios.

TECNOLOXÍA

2º de ESO:

Visita a base de incendios do Campiño

As pontes do Lérez

3º de Diversificación :

Proxecto ríos, saídas polo barrio.

4º Tecnoloxía.

Visita a taller hidráulica

Visita minas de pizarra e Wolfran Trevinca

Visita a Minas e Enerxía ,

Aula aberta a tecnociencia.

ECONOMÍA

1. PARTICIPACIÓN EN CONCURSOS E PROGRAMAS EDUCATIVOS.

Os programas educativos se dividen en tres tipos de traballo por parte do alumnado:

- Traballo de aula relacionada coa temática das materias do departamento para os distintos niveis.
- Elaboración dun traballo de investigación por parte do alumnado ou participación en probas online/ presencial.
- Posibles saídas para participar nos diferentes programas de ser seleccionados os proxectos elaborados polo alumnado.

ALUMNADO BACHARELATO

- YOUNG BUSINESS TALENTS.
- PROGRAMA DE EDUCACIÓN FINANCIERA. Colexio Economistas de Pontevedra.
- CURSO ESCOLAR GENERACIÓN EURO. Banco de España.
- CONCURSO GALICONS (PLAN PROXECTA CONSUMOPOLIS) Instituto Galego do Consumo
- PROGRAMA DE EDUCACIÓN TRIBUTARIA. . Axencia Tributaria Pontevedra

ALUMNADO 4º ESO

- PROGRAMA DE EDUCACIÓN TRIBUTARIA. . Axencia Tributaria Pontevedra
- DEPOEMPRENDE. Deputación de Pontevedra.
- CONCURSO CONSUMOPOLIS (PLAN PROXECTA CONSUMOPOLIS) Instituto Galego do Consumo
- PLAN PROXECTA ACTIVISMOS POLO MUNDO QUE QUEREMOS. Cooperación Galega

- CONCURSO IDEA O TEU COMERCIO. Consellería de Economía, Industria e Innovación.

2. SAÍDAS PLANIFICADAS PARA O ALUMNADO:

ALUMNADO BACHARELATO

- SAÍDA "EDUGAL" (1º E 2 BACHARELATO)
- VISITA A EMPRESAS PARA O ALUMNADO DE 1º E 2º DE BACHARELATO.
- (PENDENTE CONFIRMACIÓN DE IKEA. A CORUÑA)
- OLIMPIADA DE ECONOMÍA (2º BACHARELATO. PENDENTE DE CONFIRMAR LUGAR DE CELEBRACIÓN)

ALUMNADO 4º ESO

- MERCADO DEPOEMPRENDE (PONTEVEDRA OU VIGO) 4º ESO ECONOMÍA E IAE
- SAÍDA VISITA EMPRESA COOPERATIVA

ACTIVIDADES DE BIBLIOTECA

A Biblioteca do IES Luís Seoane, **BIBLIOTECA MARUXA SEOANE**, como centro neurálxico e dinamizador, participa na maioría das actividades que realizan os departamentos didácticos e serve de base para encontros e charlas, cun aforo algo máis reducido do habitual debido á pandemia, ademais de contar cun Equipo de Biblioteca que realiza os proxectos directamente relacionados coa nosa participación no PLAMBE e servir de espazo para algunha materias.

Estando a responsable da biblioteca escolar de baixa médica, a profesora **Margarita Otero Portela** (COMERCIO) asume a coordinación e, xunto a Dirección, conforman un novo Equipo De biblioteca, no que a anterior responsable -a xubilada Rosario Conde Parada- vén prestando inestimable axuda en tres xuntanzas durante o mes de setembro.

O grupo actual está formado por:

- Henar Rodríguez Seijas (FILOSOFÍA)
- Navia Rivas de Castro (FILOSOFÍA)
- Lucía Barreiro Capón (LINGUA GALEGA E LITERATURA)
- Carmen García Oliveira (LINGUA GALEGA E LITERATURA)
- María Xosé Dourado Campos (LINGUA GALEGA E LITERATURA)
- Lorena Rey Noya (e a substituta: Sonia Santos Ferreirós) (LINGUA GALEGA

E

LITERATURA)

- Cristina Corral Soilán (substituta de Soledad Cuba López) (LINGUA CASTELÁ)

- Laura Bellas Bouzas (LINGUA CASTELÁ)

- Carlota Castro Eiroa (LINGUA CASTELÁ)
 - Mercedes Vázquez Pereiro (COMERCIO- soporte en exposicións)
 - Carlos Baena Ozores (COMERCIO)
 - Desirée Rodríguez Rodríguez (ECONOMÍA)
- Realizada a solicitude para a permanencia no PLAMBE, no mes de xuño, no que figuran as liñas de actuación en relación á xestión, organización e actividades (*Anexo VIII*), e tendo en conta que a biblioteca continúa a ser o eixo central no que conflúen numerosas actividades de innovación do IES, resúmense a continuación:
- Planificación: xuntanzas do equipo todos os luns. Comunicación continua e distribución de tarefas.
 - Aprendizaxe do manexo de *KOHA*.
 - Dotación de novos carnés ao alumnado de nova incorporación.
 - Creación de conta instagram @maruxaseoanebiblioteca.
 - Organización de compras a demanda das necesidades dos departamentos, primando o comercio de proximidade; novas catalogacións.
 - Información, en claustro, dos recursos cos que conta a biblioteca postos ao servizo do IES e soporte dos grupos de traballo ou departamentos.
 - Elaboración do *Plan Anual de Lectura*.
 - Voluntariado: maior implicación de alumnado coa creación dun grupo de apoio con carné.
 - Planificación do horario de atención; implicación do persoal de Conserxería nas horas nas que non haxa profesorado suficiente, tamén polas tardes.
 - Organización de eventos relacionados coas datas sinaladas que responden aos compromisos adquiridos debidos á nosa pertenza á rede pea-UNESCO, e outras festividades do IES Luís Seoane:
 - *Día das Mulleres Escritoras* (mesa redonda con Fina Caslderrey, Montse Fajardo, Fina Caslderrey. Salón de Actos, 18/10/22.
 - *Día das Bibliotecas*.
 - *Día Internacional de Eliminación da Violencia contra a Muller*: intervención e taller con Johsua, en colaboración con NeoFem
 - *Día Escolar da Non Violencia e a Paz*: acto central de toda a comunidade educativa con outras accións a determinar
 - *Día do Libro*: lectura continuada, exposicións, ...
 - *Día das Letras Galegas*: exposicións
 - Samaín: epitafios, contos de medo.
 - Entroido: concurso de sobremesas, concurso de disfraces
 - Charlas, relatorios: os que vaian xurdindo segundo os currículos
 - Exposicións: as que vaian xurdindo segundo as necesidades da comunidade
 - Actualidade; efemérides.

- Continuidade do Club de Lectura *Cando Lemos*: lemos en galego, en francés, en inglés. Solicitud no prazo establecido (mes de outubro).
- Solicitud do programa *Radio na Biblio*, dependente do PLAMBE, para centros de nova incorporación. Inscríbese a biblioteca o 18/10/22, no noso caso como elemento transversal (PFPP: *A radio escolar na biblioteca* (SP) pendente de aprobación polo CFR; PLAN PROXECTA: *Activistas polo mundo que queremos*) que conecta múltiples disciplinas e departamentos. A coordinación corre por conta de Desirée Rodríguez Rodríguez co apoio de Cristina Corral Soilán - integrante de *Rede Espora*-).
- Acondicionamento de local e compra de materiais.
- Traballo cooperativo nas iniciativas habituais do IES ou nas novas.

PROXECTO DAS ACTUACIÓNS DO CLUB DE LECTURA

NOME DO CLUB DE LECTURA

O Club de Lectura do IES Luís Seoane de Pontevedra denomínase ***Cando lemos***.

Desde hai máis de trece anos, constituíuse o noso club de lectura, despois da nosa inclusión no PLAMBE. A traxectoria é ininterrompida e elaboramos toda a documentación (proxecto, memorias...) que se nos require.

FINALIDADES DO CLUB DE LECTURA

O Club de lectura é unha máis das actividades organizadas desde a Biblioteca, cuxos obxectivos son:

- Consolidarse como vehículo de inclusión desde a súa función socializadora no instituto.
- Introducir na vida do IES o alumnado que chega novo ao centro servindo de elemento integrado para a diversidade que o caracteriza.
- Reforzar as relacións interpersoais nas que se basea o proceso de ensino-aprendizaxe dentro da formación integral desexada.
- Compartir experiencias en torno a lecturas variadas, cuxa temática, aínda sendo independente dos propios contidos curriculares, garda relación con outros proxectos ou programas que cada curso emprende o noso centro.
- Vertebrar relacións con outros centros educativos, outras institucións cívicas, as familias, etc.
- Levar adiante o **Proxecto Lector** e polo tanto, contribuír ao logro das seguintes finalidades:
 - Favorecer a calidade do ensino.
 - Desenvolver avanzadas habilidades de lectura comprensiva.

- Incrementar as competencias lingüísticas activas e pasivas.
- Facilitar a vinculación da adolescencia co acto da lectura.
- Promover a participación do alumnado á hora de compartir experiencias lectoras nun ambiente proclive, que inclúa todos os sectores da comunidade educativa.
- Transformar a actividade íntima que supón a lectura ao dominio do público: lectura en voz alta, dramatización, memorización...
- Incrementar o gusto pola lectura (tamén dos libros que fixa cada departamento) especialmente nos varóns -algo máis afastados da lectura- e en galego.
- Adquirir as competencias necesarias para crear no alumnado unha certa capacidade crítica en relación co feito artístico que supón a Literatura.

ACTIVIDADES PROGRAMADAS

Neste curso académico 2022-2023, despois da boa acollida, imos manter a actividade na aula virtual do centro cun curso específico do Club de Lectura - *Cando lemos*-, que serve como vía de contacto e intercambio de recursos, complementando e dándolle continuidade as reunións presenciais.

Imos manter neste curso 2022-2023, para darlle continuidade, a periodicidade das reunións presenciais das persoas participantes.

Temos que destacar que este ano incorporamos un grupo de adultos onde a presenza de varóns é significativa.

Os grupos serían: **Alfa** (1º ESO) , **Beta** (2º ESO), **Gamma** (3º ESO), **Delta** (4º ESO e 1º de BACHARELATO), **Omega** (Adultos de Formación Profesional), **Inglés e Francés**.

Canto ás lecturas en galego, propoñemos un mínimo de un título por trimestre en cada grupo:

A lebre mecánica, de Leticia Costas.

O lapis do carpinteiro, de Manuel Rivas.

A lavandeira de San Simón, de Eva Mejuto.

Persépole, de Marjane Satrapi.

Senlleiras, de Antía Yáñez.

Un océano de amor, de Lupano e Panaccione.

Os nenos da varíola, de María Solar.

Novo mundo: Isabel Zendal na expedición da vacina, de El primo Ramón.

Infamia, de Leticia Costas.

A moura que creou o mundo, de Rafael Quintía.

A dama da luz , de Agustín Fernández Paz.

Maus de Art Spiegelman.

A lectura en francés será: ***Le grand livre de la France, Estelle Vidard (texto)***

Nathalie Ragondet (ilustración)

As lecturas en inglés serán:

The Curious Incident of the dog in the Night-time, Mark Haddon.

The Breadwinner, Deborah Ellis.

Holes, Louis Sachar.

The Perks of Being a Wallflower, Stephen Chbosky.

As lecturas de adultos serán:

Golpes de luz, Leticia Costas

Resistencia, Rosa Aneiros

Os nenos da Varíola, María Solar

Infamia, Leticia Costas

Fíos condutores: lectura en galego, potenciación da muller escritora/autora/ narradora galega; de lector varón; posibilidade de encontro con autores/as galegos/as; directrices xerais e valores que, como escola asociada á UNESCO, segue o modelo educativo do IES Luís Seoane cada curso e coas suxestións que se nos fan chegar desde a organización do XXIV Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, que se desenvolverá no mes de marzo do 2023 e que versará sobre o tema "O Xogo".

Ademais das lecturas escollidas, realizaremos algunhas actividades complementarias para as que vai ser necesaria a colaboración interdepartamental; entre elas citaremos:

- **Encontro con escritores e escritoras.** As editoriais galegas proporcionan a visita aos centros educativos de persoas de relevancia no mundo literario (Antía Yáñez será a primeira).
- **Asistencia a representacións teatrais** (moitas delas ofertadas polo Concello de Pontevedra).
- **Saídas didácticas. Exposicións.**
- **Realización de Camiños Literarios** ou rutas de carácter interdisciplinar.
- **Colaboracións con outros clubs de lectura ou outras escolas** (de Galicia e Portugal) na realización de actividades baixo o fío condutor dunha mesma obra literaria.
- **Colaboración e participación** no XXIV Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra 2023.
- **Visita** á exposicións de libros e lectura, organizadas polo Pazo da Cultura de Pontevedra.
- **Como o ano pasado** o Museo de Pontevedra nos fixo entrega de exemplares de *Regreso á Illa de San Simón*, construído sobre unha exposición colectiva de O Garaxe Hermético (escola de Kiko da Silva) e o Departamento de Memoria Histórica da Deputación de Pontevedra; imos darlle continuidade a actividade; pretendemos facer: unha **Visita á Illa de San Simón**, con Eva

Mejuto e Montse Fajardo, como encontro final de todos os integrantes de subgrupos.

COMPOSICIÓN E NÚMERO DE PARTICIPANTES APROXIMADO

Inicialmente contamos con arredor de setenta participantes: mozos e mozas incluíndo o alumnado do réxime de adultos, distribuídos como arriba se indicou, con cadansúas coordinadoras do profesorado que forma parte do Equipo de Biblioteca e tamén profesorado amigo da biblioteca.

FORMA DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

As **sesións de traballo** de *Cando lemos* terán como sede das xuntanzas a aula do Comité UNESCO, o Salón de Actos, aulas de desdobres e espazos multifuncionais, mentres que o punto de información estará situado na biblioteca, no vestíbulo.

Aínda que o alumnado ten unha ampla carga de materias, tarefas e lecturas de carácter obrigatorio (que cada departamento inclúe nas actividades relacionadas co Plan Lector), a experiencia dos cursos pasados demostrounos que os integrantes do Club de Lectura participaron sen trabas e de xeito satisfactorio.

Logo de facer unha convocatoria pública e previa, estableceremos as seguintes fases que serán on-line se a situación muda:

- 1. Fase previa** (avaliación inicial, presentación de obxectivos, fixación dos integrantes de cada un dos grupos; asignación das lecturas por trimestres; estruturación do libro correspondente por páxinas e/ou capítulos.
- 2. Fase central** (experiencia lectora persoal, comunicación ao grupo, aclaración de dúbidas coas coordinadoras, dificultades, praceres, ...; relación con outras obras literarias, interrelación con outras artes,...e conclusións.
- 3. Fase final** (realización de murais, charlas con escritores, realización de rutas e, en xeral, todas aquelas que aparecen contempladas no apartado de "Actividades programadas", e xuntanza de todos os integrantes de *Cando lemos* para avaliar a experiencia persoal e grupal)

HORARIO E CALENDARIO PREVISTO PARA A CELEBRACIÓN DAS REUNIÓN PRESENCIAIS

As reunións presenciais dos grupos de Club de Lectura celebraranse unha vez ao mes como mínimo en cada grupo, nos recreos de 11:30 a 12:00 horas, combinando con intercambios a través da aula virtual.

As reunións do club de Francés serán nos recreos de todos os mércores; os de Inglés, nos recreos de todos os martes e xoves cos respectivos axudantes de conversa; os de galego, durante os Luns. Polo seu carácter especial o alumnado de Adultos será os Martes de 17:00 a 17:40 horas.

PERSOA RESPONSABLE E COORDINACIÓN DO CLUB

O coordinador do Club de Lectura *Cando lemos* é o profesor de Procesos de Xestión Administrativa Carlos Luis Baena Ozores.

Cada un dos grupos que pretendemos crear dentro deste Club de lectura durante o presente curso contará coa mediación dos seguintes profesoras/es que conducirán todo o proceso: Henar Rodríguez Seijas (Filosofía); M^a Xosé Dourado Campos, Carme García Oliveira, Lucía Barreiro Capón (Lingua Galega e Literatura); Carlos Luis Baena Ozores (Procesos de Xestión Administrativa); Belén Vázquez Álvarez (Inglés) e Inmaculada Durán Herrera, Beatriz Blanco Carballo (Francés) cos respectivos axudantes de conversa designados.

MEDIOS QUE SE UTILIZARÁN PARA A DIFUSIÓN ENTRE A COMUNIDADE ESCOLAR

Toda a información relativa ao **Club de Lectura *Cando lemos*** espállase a través de:

- anuncios nas aulas, pizarra e pantalla do vestíbulo
- redes sociais
- notificacións ás familias
- información a titores e titoras e profesorado en xeral (en CCP, Claustro).

[VOLVER](#)

VIVEIRO DE EMPRESAS

Programas propostos

Programa	Destinatarios	Temporalización
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Finanzas para mortais. Formación financeira para ESO e Bacharelato. 	Alumnado de 4º ESO (2 grupos) e 1º e 2º bacharelato	2º Trimestre.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Finanzas para mortais. Voluntariado de formación financeira. Diversas charlas realizadas ao longo do curso 	6 alumnos de 1º de Administración e Finanzas.	2º Trimestre.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Medios de pagamento Implantación de ferramentas de medios de pagamento en formación profesional. 	Alumnado de Administración e de Comercio	2º Trimestre.
	Alumnado de 2º ESO	Comezo en novembro e finalización a mediados de xuño.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Programa Edutecemprende. 	1º CS Xestión de Ventas e Espazos Comerciais. 1º CS CS Administración e Finanzas.	Comezo en novembro e finalización a mediados de xuño.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Programa Actúa Achegar a realidade emprendedora ao alumnado coa presenza activa de persoal técnico do IGAPE e dunha persoa emprendedora que dean a coñecerao alumnado a súa experiencia persoal. 	2º cursociclos formativos.	1º Trimestre
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Promocionar a participación no concurso "FP Idea" que organiza a Consellería de Educación. ▪ Promocionar a participación no concurso Cooperativismo no Ensino. 	Alumnado de 2º curso de ciclos formativos.	

Actividades propostas

Actividades	Destinatarios	Temporalización
<ul style="list-style-type: none"> Visita Feira Pont-up Store 	Alumnado de primeiros cursos de ciclos superiores.	§ 23 Setembro.
<ul style="list-style-type: none"> Visita Fórum Gastronómico A Coruña 	1º e 2º CS Xestión de Vendas. 1º e 2º CS Comercio Internacional. 1º e 2º CM Dual	§ 26 Setembro.
<ul style="list-style-type: none"> Visita Feira Internacional Conxemar. Vigo 	2º CS Comercio Internacional. 2º CS Administración e Finanzas.	§ 6 Outubro.
<ul style="list-style-type: none"> Visita a Guimatur. Asociación Cultural "Mulleres do Mar de Cambados". 	4º ESO.	§ 2º Trimestre.
<ul style="list-style-type: none"> Visita Feira Etiqueta Negra 	1º CS Xestión de Vendas. 1º CS Comercio Internacional. 1º CS Xestión de Vendas. 1º CM Actividades Comerciais. 1º CS Administración e Finanzas	§ 14 Novembro.
<ul style="list-style-type: none"> Visita a Santiago de Compostela Acto de clausura e entrega de premios do programa Atrévete. 	Alumnado de 2º ESO.	§ Xuño
<ul style="list-style-type: none"> Taller Hixiene Postural. Relatora: María Rodil. 	Alumnado de primeiro curso de ciclos formativos.	§ Outubro e Novembro.
<ul style="list-style-type: none"> Taller Mindfulness 	Alumnado de primeiro curso ciclos formativos	§ 2º Trimestre.
<ul style="list-style-type: none"> Creación 1º Concurso de emprendemento do IES LUÍS SEOANE 	Alumnado de ciclos formativos.	§ Maio
<ul style="list-style-type: none"> Charla sobre "a entrevista de traballo". Relator: Alberte Cea. 	Alumnado de ciclos formativos.	§ Febreiro
<ul style="list-style-type: none"> Charla becas FEUGA. Relator: Silvia Doce Sexto. 	Alumnado de 2º curso de ciclos medios e superiores.	§ Xaneiro

<ul style="list-style-type: none"> Visita á Camara de comercio de Pontevedra e un espazo de coworking. 	2º cursos ciclos formativos.	1º Trimestre.
<ul style="list-style-type: none"> Taller BUSCA ACTIVA DE EMPREGO Relator: Consultoría Promove. 	Alumnado de ciclos formativos.	Xaneiro segundos cursos. Maio primeiros cursos.
<ul style="list-style-type: none"> Visita á sede de AJE Pontevedra e reunión cun emprendedor. 	1º curso de ciclos formativos.	2º Trimestre.
<ul style="list-style-type: none"> Taller Emprendimiento. Metodoloxía Lean Start up. Empresa: Raquel Pedrouzo. 	Alumnado 2º cursos ciclos superiores.	1º Trimestre.
<ul style="list-style-type: none"> Xornadas de fomento do emprendemento Visita á Asociación de Jóvenes Empresarios de Pontevedra. Reunión cun emprendedor e o presidente de AJE Pontevedra Pablo Fernández. Visita a sede do grupo Nogar no porto de Marín. 	Alumnado de 2º ESO.	2º Trimestre.
<ul style="list-style-type: none"> Unha experiencia de emprendedores. Nome da empresa: Coosy. Relatora: Virginia Pozo. 	1º,2º CS Comercio Internacional, 1º CS Xestión de Vendas, 1º,2º CS Asistencia á Dirección.	2º Trimestre.
<ul style="list-style-type: none"> Charla sobre O método Canvas. Nome da empresa: Consultoría Promove. Relator: Fátima Rodríguez Figueiras. 	Alumnado de FP. 30 alumnos.	Febreiro.
<ul style="list-style-type: none"> Charla Emprendemento na UE: ferramentas e oportunidades. Nome da empresa: Cámara de Comercio de Santiago de Compostela. 	1º, 2º CS Comercio Internacional.	Maio.
<ul style="list-style-type: none"> "Taller Análise e deseño do modelo de negocio" Obradoiro para emprendedores. Relator: Jacobo García Durán. 	Alumnado de 2º cursos de ciclo formativo.	1º Trimestre.

Actividades	Destinatarios	Temporalización
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xornada fomento do emprendemento. Nome da empresa: Kidcode. Relatores: Leticia Costas. Olaia Ferrando. 	Alumnado de ciclos formativos.	§ 1º Trimestre
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Charla de la Asociación de emprendedores de Galicia. Nome da empresa: ASCEGA. Relator: Manuel Dafonte. 	Alumnado de 2º curso de ciclos medios e superiores.	§ Xaneiro
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realización das actividades na aula do material didáctico proposto polo programa Atrévete para traballar diferentes aspectos (autoestima, comunicación, responsabilidade, traballo en equipo...). ▪ Actividades e xogos de emprendemento realizadas na aula. 	Alumnado de 2º ESO B.	§ Comezo mes de novembro de 2022 e finalización no mes de maio de 2023.

3 FORMACIÓN PROFESORADO

Preséntanse os seguintes proxectos dentro do PFPP (CFR Pontevedra):

Título	Liña de Traballo	Coordinador
Emprego de ferramentas dixitais	66 - Competencia dixital	33546617J -Iruveda Díaz, Elena María
Club de ciencias	66 - Competencia dixital	44480469X -Fernández Pombar, Pablo
Acción titorial e transversalidade	69 - Competencia en educación inclusiva e coeducación	76999865M -Rodríguez Rodríguez, Desiré
Implementación Plan Dixital do Centro curso 22-23	66 - Competencia dixital	35300386D -Sampayo Guzmán, Juan Sebastián
Economía e fiscalidade	67 - Competencia didáctica	35285734P -Ramos Devesa, María Emma
E-dixgal	66 - Competencia dixital	35300386D -Sampayo Guzmán, Juan Sebastián
Organización y gestión de la práctica docente	68 - Competencia en innovación e investigación	35285734P -Ramos Devesa, María Emma
Radio na biblioteca escolar	67 - Competencia didáctica	76999865M -Rodríguez Rodríguez, Desiré
Benestar emocional e saúde	69 - Competencia en educación inclusiva e coeducación	33546617J -Iruveda Díaz, Elena María
Comunicación	67 - Competencia didáctica	35305664C -Limeres Arias, Ana María
Deseño gráfico e Dixital	66 - Competencia dixital	44084649C -Pece Montenegro, Pablo Joaquín

4 FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO E PROG.INTERN.

FCT

Realizan prácticas en empresas nos períodos:

- Setembro-Decembro
- Xaneiro-Marzo
- Abril-Xuño

No primeiro período están en empresa 31 alumnos/as

PROG. INTERNACIONAIS

- **MOBILIDADES DE ALUMNOS POR PRÁCTICAS**
 - PROXECTO PROPIO: KA131 (Ciclos Superiores):

Nº Estudiantes	Pais de Destino	Proxecto	Estado actual
5	Italia, Portugal, Malta.	2020 ata 5/23	Executadas
7	Sin Confirmar	2021 ata 8/23	Pendientes
7	Sin Confirmar	2022 ata 8/24	Pendientes*
*Neste momento (oct. 2022) está pendente a firma do proxecto 2022			

- CONSORCIO DEPUTACIÓN : KA 121 (Ciclos Medios e FPB – Post Titulados)

Nº Estudiantes	Pais d Destino	Proxecto	Estado actual
Aberto	Sin Confirmar	2021 ata 8/23	Pendientes
Aberto	Sin Confirmar	2022 ata 12/24	Pendientes
*Neste momento (oct. 2022) existen dispoñibilidade de prazas no proxecto 2021 e 2022			

- CONSORCIO DO IES JOHAN CARBALLEIRA –BUEU: KA 102 (CMs e FPB – FCT)

Nº Estudiantes	Destino	Proxecto	Estado actual
10	Portugal/Italia	2021	Executadas *
10	Sin Confirmar	2022 ata 12/24	Pendientes

* Neste momento (oct. 2022) está en execución unha mobilidade en Italia do proxecto 2021

- **MOBILIDADES DE PERSOAL**

- PROXECTO PROPIO: KA 103 (Ciclos Superiores)

Persoal	Pais de Destino	Proxecto	Modalidade	Estado actual
1	Sin confirmar	2020	Formación	Pendientes
3	Sin confirmar	2021	Formación	Pendientes
3	Sin confirmar	2022	Formación	Pendientes

- CONSORCIO DO IES JOHAN CARBALLEIRA –BUEU: KA 102 (CMs –FCT)

Persoal	Pais Destino	Proxecto	Modalidade	Estado actual
1	Italia	2022	Formación	Pendente

- CONSORCIO DO IES RIBEIRAS DO LOURO – O PORRIÑO
KA 107 (Ciclo Superior de Comercio Internacional)

Persoal	Pais de Destino	Proxecto	Modalidade	Estado actual
1+1+1+1	Albania- Monenegro- Kenia-Malasia	2020	Formación	Pendente
1	?	2022	Formación	Pendente

ERASMUS+ ASOCIACIÓNS ESCOLARES.

Durante este curso realizaremos as mobilidades pendentes do Proxecto KA229 “Sustainability and Citizenship”

- do 5 ao 11 de Marzo: EBI Francisco Ferreira Drummond da Illa Terceira das Azores (Portugal)
- do 23 ao 29 de Abril: IX Liceum Ogólnokształcące de Rzeszow (Polonia).
- Ao longo do curso realizaranse actividades e traballos contemplados dentro do proxecto e relacionados coas temáticas de sensibilización medioambiental.
- Finais de curso: reunión do profesorado coordinador en Pontevedra para elaboración de informes finais do proxecto.
- Como consecuencia da solicitude de Acreditación Erasmus+ para o centro, se fose concedida, poderíamos realizar algunha mobilidade, aínda sen determinar.

ANEXO I e II

O **PEC** foi aprobado:

- Polo claustro en reunión ordinaria do día 29 de novembro de 2016
- Polo consello escolar en reunión ordinaria do día 14 de decembro de 2016

As **NOF**, aprobado en Consello Escolar o 29 de xuño de 2022.

ANEXO V

[PLAN ANUAL DE LECTURA: 2022-23](#)

ANEXO VI

PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC: o Plan de Dixitalización elaborado e publicado en web a finais do curso 2021-22

ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

Aprobado en Consello Escolar e Claustro o 29 de xuño de 2016, sen modificacións ata o momento.

[VOLVER](#)

CONCRECIÓN ANUAL PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O noso IES ten como sinal de identidade a atención á diversidade do alumnado, para lograr que este acadese o maior nivel de desenvolvemento das súas capacidades e logre as competencias básicas necesarias para acadar os respectivos títulos. Neste senso, artéllanse medidas para atender á diversidade na aula, tanto dentro coma fóra dela, organizativas e curriculares, tanto para o alumnado que ten dificultades para acadar os obxectivos de nivel e de etapa, coma para os que necesitan unha ampliación da proposta curricular.

No curso 2015/16 aprobouse un Plan Xeral de Atención á Diversidade que foi elaborado polo Departamento de Orientación.

Este pasado curso, este Plan foi revisado e, actualmente, está pendente de aprobación. A continuación, facemos unha pequena recensión e concreción do mesmo:

OBXECTIVOS

- Servir de referente para que o centro poida concretar anualmente o axuste da resposta educativa ás necesidades que presenta o alumnado en función dos recursos dispoñibles.
- Adecuar o desenvolvemento do currículo á diversidade do alumnado.
- Diseñar actuacións que posibiliten o acceso ao currículo á totalidade do alumnado.
- Diseñar respostas educativas axeitadas para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Optimizar o uso dos recursos existentes no centro de cara á atención á diversidade.
- Establecer criterios pedagóxicos para a adopción de decisións respecto ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Prever e detectar, de xeito temperá, as dificultades de aprendizaxe dos nosos alumnos e alumnas, mediante medidas de coordinación e actuación necesarias que faciliten orientacións metodolóxicas, criterios e procedementos de avaliación e estratexias para o seguimento do proceso de ensino e aprendizaxe. Asumimos que a prevención evita a aparición de problemas que máis adiante necesitarían unha solución máis complexa.
- Aplicar o establecido nos Protocolos publicados pola Xunta de Galicia, relacionados coa Atención á Diversidade.
- Aplicar o establecido na “Orientación e respostas educativas: Alumnado con discapacidade visual”.
- Establecer un marco xeral de traballo que permita ao profesorado:
- Pór en marcha medidas ordinarias de atención á diversidade.
- Aplicar medidas extraordinarias de atención á diversidade para aquel alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo. Estas medidas deben ser consideradas como último recurso, despois de esgotar as posibilidades das medidas ordinarias.
- Fomentar a implicación de todos os sectores da comunidade educativa: alumnado (titoría entre iguais, mediación,...), persoal docente, persoal non docente e familias.

- Impulsar a colaboración con outras institucións e asociacións.
- Facer posible unha transición harmónica entre etapas posibilitando unha maior coordinación entre centros, especialmente cos centros adscritos.
- Planificar actividades informativas e de orientación para coidar o tránsito entre etapas, ensinanzas e modalidades de escolarización axustadas aos diferentes escenarios
- Identificar as necesidades e adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións sociais e culturais do alumnado.
- Concibir a avaliación psicopedagóxica como un recurso orientado a mellorar a calidade da educación en equidade, mediante a súa contribución á detección de dificultades de aprendizaxe ou de altas capacidades e a posta en marcha das medidas de atención á diversidade correspondentes.
- Promover a adopción de medidas que favorezan a acollida e a inserción do alumnado inmigrante e daquel que se atope nunha situación de risco de abandono escolar.
- Establecer un programa de prevención do absentismo escolar.
- Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.
- Fomentar a participación e coordinación dos equipos docentes na adopción e desenvolvemento das medidas.
- Identificar, a través dunha avaliación interna, a eficacia da atención á diversidade ao finalizar cada curso escolar e aqueles aspectos que precisan mellorar.
- Establecer as medidas e programas necesarios para a atención das mesmas así como as accións dirixidas ao coidado do benestar da comunidade educativa.

ESTRATEGIAS

- Aplicación do Badyg-M a todo o alumnado de 1º de ESO.
- Realización de Avaliacións Psicopedagóxicas.
- Reunións a principio de curso para realizar a Avaliación Inicial. Na primeira quincena quedarán detectadas as necesidades e organizadas as medidas de atención á diversidade que se precisan.
- Atención individualizada a aqueles alumnos/as que non responden ao reforzo educativo dentro da aula.

- Poñer en marcha accións dirixidas ao coidado do benestar da comunidade educativa.
- Realizar os ditames de escolarización para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo derivadas de discapacidade física, psíquica ou sensorial, de sobredotación intelectual, de trastornos graves de conduta ou por encontrarse en situación desfavorecida como consecuencia de factores sociais económicos ou culturais.
- Centralizar todo tipo de información sobre o ACNEAE no programa Xade.
- Rexistrar as necesidades específicas de apoio educativo que repercutan tanto no ámbito académico coma no condutual.
- Establecer e coordinar a aplicación de medidas de atención á diversidade.
- Realizar propostas de solicitude de Exención de Francés para incorporar ao alumnado nun Programa de Reforzo.
- Efectuar propostas de incorporación do alumnado á FP Básica e aos Programas de Diversificación Curricular e elaborar toda a documentación necesaria para a efectiva incorporación a esas ensinanzas.
- Propoñer a incorporación de alumnado aos Contratos Programas.
- Elaboración de demandas ao Equipo de Orientación Específico.
- Levar a cabo reunións semanais cos integrantes do departamento de orientación, os martes de 18:30h. a 19:20h. Nestas reunións, realizarase un seguimento continuo do Plan de Orientación, unificando criterios e actuacións e priorizando a análise de necesidades e propostas de mellora que vaian xurdindo ao longo do actual curso académico.

ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO NO CURSO 2022-2023:

No IES Luís Seoane, debido ás características do entorno socioeconómico do alumnado que recolle, contamos cun elevado número de alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo que a continuación detallamos. Este número pode verse incrementado a medida que se vaian levando a cabo as distintas avaliacións do curso, dado que neses momentos revísanse as Necesidades Específicas de Apoio Educativo que presenta o alumnado e as medidas de atención á diversidade que se van a aplicar durante o curso 2022/23.

Temos que ter en conta, tamén, que a comisión de escolarización vainos seguir adxudicando novo alumnado que pode ser susceptible de requirir medidas de atención á diversidade; por exemplo, alumnado que vai chegando durante o curso á Cidade Infantil Príncipe Felipe (sometido a medidas de protección e tutela pola Xunta de Galicia), alumnado procedente do estranxeiro (a meirande parte de Marrocos)...

Alumnado con NEAE curso 2022/23:

- ESO= 119 (1º ESO= 45, 2º ESO= 47, 3º ESO= 14, 4º ESO= 13)
- BACHARELATO= 10
- FP BÁSICA= 37
- CICLOS MEDIOS= 2
- CICLOS SUPERIORES= 2

- NEE: (18)
 - ESO= 10 (1º ESO= 5, 2º ESO= 3, 3º ESO= 1, 4º ESO= 1)
 - BACHARELATO= 2 (1º BACH= 1 2º BACH=1)
 - FP BÁSICA= 2 (1º FPB= 1, 2º FP BÁSICA= 1)
 - CICLOS SUPERIORES= 2 (2ºCS Adm y Fin: 2)
 - CICLO MEDIO ADULTOS PRESENCIAL= 2 (ZM Xestión Administrativa)
- ALTAS CAPACIDADES: (5)
 - ESO= 4 (2º ESO= 2, 3º ESO= 1, 4º ESO= 1)
 - BACHARELATO= 1 (1º BACH= 1)
- TRASTORNO ESPECÍFICO DA LINGUAXE: (3)
 - ESO= 3(1º ESO= 2, 2º ESO= 1)
- TRASTORNO ESPECÍFICO DA APRENDIZAXE: (77)
 - ESO= 44 (1º ESO=16, 2º ESO=15, 3º ESO=5, 4º ESO=8)
 - BACH= 1 (1º BACH= 1)
 - FP BÁSICA= 32 (1º FPB= 14, 2º FPB= 18)
- OUTRAS CONDICIÓNS ESPECIAIS (ambientes desfavorecidos ou marxinais): (21)
 - ESO= 18 (1º ESO=4, 2º ESO=11, 3º ESO=3, 4º ESO=1)
 - BACH= 2 (1º BACH= 1, 2º BACH= 1)
 - FP BÁSICA= 2 (1º FPB= 1, 2º FPB = 1)
- OUTRAS CONDICIÓNS ESPECIAIS (minorías étnicas): (12)
 - ESO= 9 (1º ESO= 4, 2º ESO= 5)
 - FP BÁSICA= 3 (1º FPB= 2, 2º FPB = 1)
- TDAH: (28)
 - ESO= 25 (1º ESO= 11, 2º ESO= 8, 3º ESO= 4, 4º ESO= 2)
 - BACH= 3 (1º BACH= 1, 2º BACH = 2)
- CONDUCTA: (7= 1+6 xa contabilizados anteriormente)
 - ESO= 6 (1º ESO= 3, 2º ESO= 3)
 - BACH= 1 (2º BACH= 1)

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE PREVISTAS PARA O CURSO 2022-2023:

MEDIDAS ORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas as que faciliten a adecuación do currículo prescristivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado.

MEDIDAS ORDINARIAS (O), curso 2022-23
a) Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado.

b) Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.

c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

d) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.

e) Aulas de atención educativa e convivencia.

f) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

g) Programas de enriquecemento curricular.

h) Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar.

i) Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

j) Programas de habilidades e competencias sociais.

- Alumnado con EXENCIÓN DE FRANCÉS (Programa de Reforzo de Linguas):
 - ESO=37 (1ºA ESO=6; 1ºB ESO=8; 1ºC ESO=7; 1ºD ESO=7; 2ºA ESO=6; 2ºB ESO=5; 2ºC ESO=8; 2ºD ESO=8)
- Alumnado DESDOBRES MATEMÁTICAS:
 - ESO=30 (1ºA ESO=5; 1ºB ESO=5; 1ºC ESO=5; 1ºD ESO=5; 2ºA ESO=3; 2ºB ESO=2; 2ºC ESO=3; 2ºD ESO=2)
- Alumnado de 4º ACADÉMICO: 47
- Alumnado de 4º APLICADO: 17
- Alumnado de CICLO BÁSICO-1º de Servizos Comerciais: 18.
- Alumnado de CICLO BÁSICO-2º de Servizos Comerciais: 21.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS (Ex), curso 2022-23

A) Adaptacións curriculares.

c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica.
f) Programas de diversificación curricular
g) Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente.
i) Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela.
j) Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.
l) Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.
ll) Grupos de adquisición das linguas.
m) Grupos de adaptación da competencia curricular.
Flexibilización Modular en Ciclos Formativos de FP.

- Alumnado con ACS:
 - o ESO=14 (1ºA ESO=3; 1ºB ESO=2; 1ºC ESO=2; 1ºD ESO=1; 2ºA ESO=1, 2ºB ESO=1, 2ºC ESO=2, 2ºD ESO=2)
- Alumnado de Apoio PT:
 - o ESO=20 (1ºA ESO=5; 1ºB ESO=3; 1ºC ESO=2; 1ºD ESO=2; 2ºA ESO=1; 2ºB ESO=2; 2ºC ESO=3; 2ºD ESO=1; 4ºB ESO=1)
- Programa de Diversificación Curricular 3º ESO=8
- Alumnado Atención Educativa Domiciliaria=2

RECURSOS

Materiais:

- Badyg-M
- Matrices Progresivas de Raven,
- Proba de hábitos de estudio (IHE)
- Proba de personalidade HSPQ, ou 16 PF
- Proba de comprensión lectora CLT
- Proba do TDA-H e I.E.G de Albor-Cohs
- Material para a concentración e a reflexividade.
- D.N: CAS
- WISC-IV

Recursos humanos:

- Dúas orientadoras.
- Dúas profesoras especialistas de Pedagogía Terapéutica.
- Os restantes membros do Departamento de Orientación:
 - o Un profesor titor de 3º ESO PDC do científico - tecnolóxico
 - o Unha profesora titora de 2º ESO A do ámbito socio - lingüístico.

- Unha profesora de FOL.
- A orientadora do CEP Marcos da Portela.
- O orientador do CEIP Santo André de Xeve.

Recursos Telemáticos:

- Correo electrónico: orientación.ies.luis.seoane@gmail.com
- DRIVE de orientación.ies.luis.seoane@gmail.com
- Vídeoconferencias a través de Cisco Webex.
- Chamadas telefónicas.
- El Orienta Line.
- Blog de Orientación do IES Luís Seoane.
- Aula virtual do IES Luís Seoane.

[VOLVER](#)

CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA

O Centro conta cun Plan de Convivencia. O Departamento de Orientación colaborará activamente na súa implementación e revisión. A continuación, expoñemos as principais actuacións do departamento de orientación con respecto a este Plan:

A MEDIACIÓN ESCOLAR:

Este curso retomaremos as formacións iniciadas o curso anterior encamiñadas a continuar co proxecto de Mediación Escolar no noso centro. O curso de Mediación que se iniciou o curso pasado, finalizarase o antes posible e levarase a cabo a xornada de convivencia que quedou pendente. Esta saída realizarase coa finalidade de establecer vínculos entre os integrantes do Equipo de Mediación Escolar.

Definición de Mediación:

A mediación enténdese como un proceso de resolución de conflitos no que dúas partes enfrontadas recorren voluntariamente a unha terceira imparcial, mediador ou mediadora, para chegar a un acordo satisfactorio. Trátase dun método que promove a busca de solucións nas que as dúas partes implicadas obteñen un beneficio, evitando a postura antagónica de gañador-perdedor.

Obxectivos:

- Favorecer que o alumnado se sinta integrado no centro, formando parte activamente do mesmo.
- Desenvolver habilidades e estratexias que permitan a mellora da convivencia.
- Empregar o diálogo e a mediación como medio para a resolución pacífica de conflitos.
- Aprender estratexias para a resolución dos problemas de forma pacífica.
- Desenvolver habilidades sociais que melloren as relacións e fomenten a comunicación entre os diferentes membros da comunidade educativa.
- Potenciar a autoestima entre os membros do alumnado para evitar frustracións individuais.
- Divulgar e promocionar sistemas de autocontrol persoal para evitar reaccións espontáneas de carácter impulsivo ou violento que sexan unha potencial fonte de conflitos.
- Establecer de forma habitual espazos e vías de negociación para que se contemple como maneira habitual de actuación e resolución de conflitos.
- Aprender a negociar e a chegar a acordos respectando as posicións de todas as partes.
- Aprender a respectar os acordos e utilizar os instrumentos axeitados para esixir ás outras partes que tamén os respecten.

Equipo de Mediación:

Para poder aplicar este método de resolución pacífica de conflitos, o centro conta cun grupo de Mediación Escolar, que está constituído pola xefa de estudos, a

orientadora e 47 alumnos e alumnas que se inscribiron e realizaron os sucesivos cursos de formación.

Funcións:

- Levar a cabo as mediacións.
- Gardar confidencialidade das actuacións realizadas.
- Levar a cabo titoría entre iguais, sobre todo, co alumnado que se acaba de incorporar ao centro.
- Elaborar materiais de difusión e información sobre o funcionamento do Equipo de Mediación.
- Diseñar e levar a cabo campañas de divulgación sobre a mediación escolar e animar ao novo alumnado a inscribirse no curso de formación.
- Promover a inserción da mediación nos documentos do Centro.
- Colaborar cos titores/as e co profesorado en xeral, nos casos de grupos especialmente conflictivos para establecer un plan de actuación.
- Colaborar cos titores/as e co profesorado en xeral, nos casos de grupos especialmente conflictivos para establecer un plan de actuación.
- Colaborar co Comisión de Convivencia do Consello Escolar no desenvolvemento das súas funcións.
- Elaborar e desenvolver un plan de avaliación do funcionamento da mediación.

AULA DE ATENCIÓN EDUCATIVA E CONVIVENCIA:

Obxectivo: Atender, nun lugar específico, o alumnado que presenta condutas disruptivas impedindo o normal desenvolvemento da clase, para que realice tarefas correspondentes ás aprendizaxes básicas do curso do que proceda.

Perfil: Alumnado da ESO e de FP Básica que presente condutas disruptivas.

Organización:

- Será derivado á aula de Convivencia o alumnado que cumpra as seguintes condicións:
 - Que sexa reincidente na súa actitude e conduta contra as normas de convivencia.
 - Subscribir un Compromiso de Convivencia que implique directamente traballar algún dos obxectivos da Aula.
 - Presentar deficiencias na súa autoestima, autocontrol, relacións persoais, disposición cara ás tarefas escolares ou integración escolar e/ou social.
 - A expulsión non favorecería a corrección da conduta e non é percibida polo alumno ou alumna como un castigo.
 - A atención no Aula de Convivencia pode mellorar a súa actitude e sen esta atención non se garante que se manteña o seu proceso educativo.

- O orientador ou orientadora:
 - Programará as actuacións encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte de cada alumno ou alumna que sexa atendido no aula, e entregaraas, nos prazos estipulados, ao titor/a.
- Comunicación á familia: O titor/a comunicará á familia por escrito e en entrevista persoal, se é posible, ou telefónica a resolución de derivación do alumno/a a Aula de Convivencia, indicando o motivo, os obxectivos, o número de días e o número de horas, así como as actividades formativas e de reflexión que realizará.

PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS E COMPETENCIAS SOCIAIS:

As competencias e as habilidades sociais representan un conxunto de procesos cognitivos, socioafectivos e emocionais que desenvolven as capacidades para levar a cabo comportamentos socialmente axeitados e o desenvolvemento dunha convivencia positiva.

Tendo en conta a igualdade de oportunidades para desenvolver os valores do principio de igualdade de trato e non discriminación por razóns de nacemento, orixe racial ou étnica, sexo, discapacidade, idade, doenza, relixión ou crenzas, nin por ningunha outra condición nin circunstancia persoal nin social, así como a prevención da violencia de xénero, desenvolvemos este programa de habilidades e competencias sociais para a totalidade do alumnado.

Obxectivos:

- Promover a adquisición das competencias sociais e cognitivas necesarias para favorecer a empatía, a autoestima, a comprensión das demais persoas e a interacción satisfactoria con elas, a solidariedade, o respecto e a tolerancia ante as discrepancias, a expresión correcta das propias opinións e sentimentos e todo o que signifique a mellora das relacións e da convivencia.
- Transmitir ao alumnado os compoñentes da comunicación humana (verbal e non verbal).
- Ensinar ao alumnado a manexar as técnicas básicas da comunicación eficaz.
- Favorecer a incorporación de condutas socialmente desexables na vida cotiá do alumnado.

Perfil:

- A totalidade do alumnado do centro. Estas actuacións desenvolveranse en todas as áreas, materias, ámbitos ou módulos e terán a consideración de elementos transversais do currículo.

- Plan de HHSS forma parte do Plan de Actividades do Departamento de Orientación e está ligado ao Plan de Acción Titorial, estando implícito en todas as actividades de tutoría que se realizan ao longo do curso.
- As HHSS son traballadas na aula polo profesorado titor e polo profesorado das distintas materias.
- Nos casos nos que este traballo sexa insuficiente o Departamento de Orientación encargárase directamente dun traballo máis intensivo co alumno ou alumna ou co grupo completo.

Avaliación:

- A avaliación levarase a cabo ao longo de todo o proceso para ir introducindo as modificacións oportunas para a mellora do programa. Nela participarán alumnado, profesorado e Departamento de Orientación.

PROGRAMA ESPECÍFICO DE HABILIDADES SOCIAIS:

Para a elaboración das liñas xerais do mencionado programa, basearémonos na proposta de AVANCEMOS (ensinanza de Habilidades Sociais para Adolescentes (12-18 anos), publicado polo grupo Albor-Cohs) que será adaptado a cada caso concreto:

Obxectivo Xeral:

- Adquirir habilidades cognitivas, instrumentais e de control emocional que permitan ao alumnado desenvolverse con eficacia en diferentes contextos

Obxectivos:

- Identificar estados emocionais.
- Desenvolver habilidades de control emocional.
- Dominar habilidades xenéricas utilizadas en todas as interaccións: expresarse de maneira eficaz e mostrarse receptivos ao que nos comunican.
- Iniciar e manter relacións mutuamente beneficiosas.
- Resolver situacións conflitivas de forma pacífica.
- Aceptar as consecuencias do propio comportamento.
- Incrementar a seguridade nun mesmo.
- Desenvolver un estilo asertivo.

Perfil:

Alumnado de ESO e FPB remitido reiteradamente á aula de atención educativa e convivencia e/ou sancionado con suspensión do dereito de asistencia ao centro coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.

Organización:

O traballo individualizado realízase preferiblemente nas sesións de titoría, nos recreos...; non obstante, haberá que adaptarse a cada caso concreto.

Bloques de Contidos:

- Aprendendo a comunicarse dunha maneira eficaz.
- Manexo da ansiedade.
- Mantemento de relacións cos iguais.
- Facer fronte ás provocacións.
- Seguridade nun mesmo e Asertividade.

Metodoloxía:

A aplicación do Programa será flexible, adaptándose ás características do alumnado co que se leve a cabo.

Trátase dunha metodoloxía caracterizada pola aprendizaxe a través da experiencia. En cada sesión de traballo o alumnado "vivirá" unha experiencia que lle permitirá adquirir os contidos fixados para a mesma.

A estratexia que se segue en cada sesión será:

- Análise de diferentes situacións: Identificaremos os elementos relevantes da situación de interacción social, valorando as consecuencias obtidas desexables/non desexables para un mesmo e para os demais.
- Presentación de diferentes alternativas de resposta: Buscaremos opcións para responder a esta situación para sentirnos ben con nós mesmos e cos demais.
- Análise de novas propostas: Valoración das consecuencias obtidas coas novas alternativas de resposta.
- Toma de decisións: ¿Desexo para min as consecuencias que podo obter se modifico o meu actual modo de resposta?
- Práctica da nova habilidade: Co obxectivo de xeneralizar e consolidar as aprendizaxes.

Avaliación:

Ao final de cada programa levado a cabo, faráselle un seguimento ao alumnado para constatar a xeneralización das habilidades traballadas. Para tal fin, contaremos coa estreita colaboración das familias, dos titores/as, do profesorado en xeral e do persoal non docente.

Os instrumentos utilizados serán a observación directa, entrevistas e cuestionarios.

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Análise sociolingüística

O instituto Luís Seoane está ubicado nun barrio situado a 3 km do centro de Pontevedra: Monte Porreiro, cunha extracción social media-baixa; o que leva, por mimetismo dos modo de vida do centro da cidade, a unha enorme castelanización de todos os seus habitantes. No presente curso 2022-2023 o IES Luís Seoane conta con 1114 alumnos/as distribuídos nas ensinanzas de ESO, BACH e Ciclos formativos.

En canto o uso da lingua, a situación é propia dos contextos urbanos catalogados no mapa sociolingüístico de Galicia. Estamos en liñas xerais ante o perfil sociolingüístico dun alumnado que medrou en contacto coas dúas linguas. Polo tanto, os efectos da diglosia social motivaron unha realidade lingüística na que o número de monolingües en galego é baixísimo. A maioría deste alumnado galego falantes están matriculados nos ciclos formativos dos graos superiores e son de fóra de Pontevedra polo que a única vinculación co barrio é durante o horario lectivo no instituto e a incidencia na normalización da lingua é practicamente nula.

Se ben con respecto aos usos da lingua, a situación é urxente, no que respecta ás actitudes é ben outra. O IES Luís Seoane é un centro moi dinámico, cunha importante implantación na vida cultural de Monte Porreiro e unha traxectoria recoñecida en todos os sectores sociais da vila e fóra dela (Premio Cidade de Pontevedra no ano 2016, Premio Nacional de Convivencia no 2017, 1º Premio Nacional de Igualdade outorgado pola Fundación GSD Innovación Educativa no 2018...) O labor e o compromiso do centro co barrio e coa lingua fixeron que exista unha boa actitude cara ás actividades de dinamización da lingua galega. Isto achega unha actitude de respecto e unha visión positiva da normalización do galego que fai que as actividades realizadas dende o centro teñan unha boa acollida, tanto na comunidade educativa como na contorna social.

Un dos grandes retos do noso traballo como equipo de dinamización ten que ver coa integración e acollida en galego ao alumnado que pertence ao colectivo inmigrante ou ás minorías étnicas (xitanos, pobo marroquí ...).A importante presenza deste tipo de alumnado no noso centro (están presentes na vida escola máis dunha ducia de nacionalidades distintas) afonda no prexuízo de que o castelán é a lingua útil fronte ao galego que se entende como unha

lingua propia do ámbito cultural e/ou familiar. Abordar estes prexuízos é un dos aspectos centrais do noso traballo como axentes normalizadores.

Con respecto ao profesorado, a situación non mellora tanto no que ten que ver cos usos, como no referido ás actitudes Polo tanto, non debemos esquecer que estamos, como sabemos polos estudos lingüísticos que se levan feito, nunha das zonas de Galicia (Pontevedra cidade) onde menos uso se fai da nosa lingua. Por este motivo o traballo do EDL debe prestar especial atención ao traballo con todos os sectores da comunidade educativa, tendo o profesorado un papel destacado neste labor.

Obxectivos:

- Conseguir do alumnado, profesorado e persoal non docente un maior respecto pola nosa lingua e polos nosos costumes e tradicións.
- Acadar unha maior implicación dos axentes da comunidade educativa en todas as actividades normalizadoras.
- Traspasar o ámbito do instituto e achegarmos ao barrio de Monte Porreiro como axente de normalización en especial colaboración coa ANPA do instituto.
- Desmontar prexuízos asociados á lingua galega, especialmente nas minorías étnicas.
- Potenciar o emprego da nosa lingua en toda a vida da comunidade escolar.
- Informar aos pais/nais do alumnado da situación sociolingüística do centro e incidir sobre a mesma.
- Fomentar o coñecemento e recuperación da lingua galega.
- Mellorar os niveis de competencia en lingua galega en todos os sectores da comunidade educativa. Empregar a lingua galega oralmente e por escrito con corrección.
- Asesorar ao departamentos que o soliciten en cuestións relativas á lingua.
- Presentar a lingua galega como unha lingua moderna, viva e apta para a mocidade en todos os contextos.
- Difundir materiais que contribúan á tarefa normalizadora: dereitos lingüísticos, lexislación, ferramentas e recursos lingüísticos...
- Detectar as necesidades formativas do instituto e deseñar estratexias de formación lingüística.
- Fomentar o uso do galego desde as novas tecnoloxías.
- Realizar actividades de carácter lúdico e académico que permitan que todos os sectores da comunidade educativa se acheguen ao galego dende un enfoque positivo, aberto e sensible.

Programa de actividades do EDL

Moitas das actividades que se veñen realizando neste Centro son plurianuais e outras xorden como consecuencia da actividade cultural ou lúdica da nosa contorna, pero sempre procuramos facer unha distribución equilibrada nos tres trimestres do curso.

Propoñemos actividades nas que o alumnado sexa o verdadeiro protagonista e nas que se implique toda a comunidade. Procuramos pechar o ciclo de actividades no mes de maio.

Actividades previstas para o presente curso (2022/2023):

Actividades organizadas polo Servicio de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra : obradoiros, camiñada pola lingua, exposicións e charlas para o alumnado de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos.

- Encontros con escritores/as da actualidade: Fina Casalderrey, Leticia Costas...
- Participación na convocatoria de concursos de relatos e banda deseñada onde o galego sexa a lingua a utilizar: Viaqua, Coca cola, Ben Veñas Maio
- Participación no XXIII Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. 1º e 2º ESO

-Celebración de festas:

Samaín: concurso de contos de medo e exposición de cabazas

Magosto: xogos populares, música tradicional.

Entroido

Día internacional da eliminación da violencia contra a muller, NEOFEM

Día da Paz, Día da Muller, Día do libro, Letras Galega...

-Concurso de carteis para distintas celebracións.

-Correlingua

-Club de Ciencias , alumnado de ESO e bacharelato. O obxectivo é fomentar as ciencias e propoñer temas para investigar

-Actividades, traballos, exposicións e intercambios en colaboración co Comité UNESCO: Patrimonio, Cultura de Paz, Desenvolvemento Sostible, Semana da Muller...

-Actividades de dinamización da Biblioteca do noso IES.

- Club de Lectura.
- Participación no Programa *Atrévete a ter unha idea* cun grupo de alumnado de 2º ESO.

-Participación en actividades conxuntas dos centros públicos de Pontevedra
BEN VEÑAS MAIO

- Participación no CLUB DE DEBATE organizado polo Departamento de Lingua Galega do Concello de Pontevedra. O obxectivo que se pretende é favorecer o uso do galego en contextos formais ,os propios debates, e informais.
- Departamento de Bioloxía e Xeoloxía: visitas ao Parque natural complexo dunar de Corrubedo, Illas Cies, Domus e Torre de Hércules, ruta xeolóxica: A lanzada,praia Bascuas; visita a estación de Augas residuais...
- Participación no Proxecto Ríos do Plan Proxecta.

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Profesorado:

M^a Xosé Dourado Campos

Lorena Rey Noya

Lucía Barreiro Capón

Henar Rodríguez Seijas

Mercedes Vázquez Pereiro

Isabel Panadero Fontán

Alumnado:

Hugo González de Oliveira

Sabela Quintana Dopazo

Lía Vidal Santomé

Nerea Cores García

Irene Fontán Múñiz

Uxía Cerdeiras Pérez

Persoal non docente:

M^a Pilar Ciges Regueiro

Coordinadora:

M^a Carmen García Oliveira

PLAN ANUAL DE LECTURA

IES LUÍS SEOANE

ÍNDICE

1.- Obxectivos

2.- Intervencións

2.1. Desde a Biblioteca

2.2. Desde os departamentos

-Latín, Grego, Cultura Clásica

-Bioloxía

-Tecnoloxía

-Filosofía

-Matemáticas

-Lingua Galega

-Física e Química

-Lingua Española

-Relixión

-Economía da Empresa

-Inglés

-Francés

3.-Avaliación

O Plan Anual de Lectura (PAL), é un documento a curto prazo, que concreta obxectivos e accións para o desenvolvemento do PLC neste curso escolar 2022-23 e inclúese na Programación Xeral Anual do centro. Así, e logo de superada a fase de concienciación da importancia da lectura no desenvolvemento dos currículos das diferentes materias e como consecuencia do traballo realizado en cursos anteriores, planifícanse un conxunto de actuacións coordinadas nas diferentes áreas, que constitúen o presente Plan Anual de Lectura.

1. OBXECTIVOS

- Elevar os niveis de éxito escolar no ensino secundario.
- Elevar a competencia lingüística.
- Espertar a necesidade de ler como ferramenta indispensable para mellorar a produción dos propios textos escritos.
- Mellorar as habilidades lectoras (ritmo, entoación...) atendendo tamén á corrección postural, de comprensión, de escritura (redacción, puntuación, ortografía...) e de expresión oral.
- Mellorar o vocabulario, mediante o emprego de técnicas de traballo persoal e na aula que impliquen o uso do dicionario como fonte de resolución de dúbidas sobre a adquisición do léxico das diferentes áreas.
- Traballar con todo tipo de textos (literarios, científicos, xornalísticos, publicitarios, gráficos...) e todo tipo de soportes (impresos e electrónicos).
- Fomentar o hábito lector desde todas as áreas e niveis e desenvolver a comprensión lectora da maneira máis harmónica e eficaz posible.
- Crear os medios que faciliten o acceso do alumnado á lectura e á práctica da escritura.
- Implicar a todo o profesorado nas actividades, campañas e outras experiencias que puideran programarse para potenciar o hábito lector e as capacidades inherentes ao mesmo.
- Promover, tanto nas programacións didácticas como na acción dentro da aula, traballos que impliquen o uso da lectura e da utilización de todas as fontes dispoñibles para a investigación sobre temas relacionados coas diversas disciplinas dos currículos.
- Tentar sensibilizar ás familias da importancia que ten o hábito lector na educación dos seus fillos.
- Potenciar o papel da biblioteca.
- Integrar a lectura como ferramenta para a elaboración dos proxectos nos que está inmerso o centro.

O obxectivo final que perseguen todos os anteriores é **formar lectores competentes e polivalentes** entendendo como tales aqueles que posúen

riqueza para variar os seus modos de lectura, teñen capacidade para apropiarse de textos diversos e utilízaos para satisfacer.

obxectivos diferentes e aplícalos a proxectos variados; aqueles que sexan capaces de emitir xuízos críticos, que reformulen e transformen contidos. E para conseguir isto precísase a colaboración de todos: profesorado, equipo directivo, grupo da biblioteca e familias.

2. INTERVENCIÓNS

2.1. DESDE A BIBLIOTECA

1.- *Xornadas de formación de usuarios e usuarias.*

Método: explicación do funcionamento da biblioteca co apoio dun power point e un cuestionario de procura. Entrega de premios aos mellores de cada grupo.

Aplicación: alumnado de 1º ESO.

Temporalización: dúas sesións para cada curso durante o mes de outubro.

2.- Actividades de animación á lectura.

Método: encontros con escritores e escritoras, charlas e conferencias; baseadas en obras literarias; saídas ao cine; exposicións temáticas; camiños literarios literarios.

Aplicación: todo o alumnado. Temporalización: durante todo o curso escolar.

3.- Implicación das familias.

Método: posta en práctica do programa de *Mochilas viaxeiras* (con libros en castelán, galego e inglés; películas e banda deseñada).

Aplicación: alumnado de 1º ESO. Temporalización: durante todo o curso escolar.

4.- Colaboración coa ANPA.

Método: ampliación do horario de apertura da biblioteca grazas ás nais e pais.

Aplicación: todo o alumnado. Temporalización: durante todo o curso escolar.

5.- Mantemento do *Club de lectura.*

Método: convocatoria aberta, presentación, asignación de lecturas e coordinadoras, xuntanzas periódicas, elaboración de proxecto e correspondente memoria Aplicación: todo o alumnado disposto (tres grupos; un deles le en francés).

Temporalización: durante todo o curso escolar.

6.- Fomento da competencia para acadar a alfabetización múltiple. Método: traballos por proxectos; traballos relativos a programas nos que participa o IES.

Aplicación: todo o alumnado. Temporalización: durante todo o curso escolar.

7.- Suxestións de lecturas.

Método: exposición de novidades. Aplicación: todo o alumnado, profesorado e familias. Temporalización: un por trimestre.

8.- Incremento de bibliografía relativa á mellora da competencia en comunicación lingüística para o profesorado.

Método: selección de compra de materiais. Aplicación: todo o profesorado. Temporalización: durante todo o curso escolar.

9.- Conmemoracións arredor de datas significativas: Día da Paz, Día do Libro, Día das Letras Galegas, Salón do Libro

Infantil e Xuvenil... Método: exposicións e unidades didácticas.

Aplicación: toda a comunidade educativa. Temporalización: durante todo o curso escolar.

10.- Club de Lectura (en galego, inglés e francés).

Club de Ciencia. Comité UNESCO NeoFem

2.2. DESDE OS DEPARTAMENTOS

DEPARTAMENTO DE LATÍN

MATERIA: Cultura Clásica CURSO: 3º ESO

Para subir nota o alumnado poderá ler voluntariamente libros sobre temas clásicos dos que dispón a biblioteca do centro:

LILLO REDONET, Fernando: *Teucro, o arqueiro de Troia*

VIVET-REMY, Anne-Catherine: *Los trabajos de Hércules*

Agamenón y la guerra de Troya Teseo y el Minotauro

De Apolo a Zeus, la venganza de los dioses

Rómulo y Remo Edipo

ÉVANO, Brigitte: *Los viaje de Ulises*

LILLO REDONET, Fernando: *El aprendiz de brujo y otros cuento de Grecia y Roma*

MARTIN, Jean: *Cuentos y leyendas de la Iliada*

LILLO REDONET, Fernando: *Un salmantino en Roma*

Noches romanas Un salmantino en Mérida Un salmantino en Segóbrgat

GONZÁLEZ, Lola: *Guárdate de los Idus*

AA.VV: *De Acteón a Zeus*

MATERIA: Latín

CURSOS: 4º de ESO/ 1º BACHARELATO

O alumnado debe ler un libro, dunha lista que entrega a profesora, en cada avaliación.

MATERIA: Latín**CURSOS: 2º BACHARELATO**

- Historiografía: Livio, I, 56, 4-60
- Oratoria:
 - Tácito: *Agrícola*, 29-38
- Épica:
 - Ovidio: *Metamorfoses*, I, 452-567; IV, 55-166; X, 1-71
- Lírica: Catulo, 51, 2, 86, 87, 109, 5, 7, 3,85,70, 8,11
- Teatro:
 - Plauto: *Xemelgos* ou *Anfitrión*

DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA**MATERIA. Ciencias da Natureza CURSO: 1º ESO**

MURUGARREN, Miguel: *Animalario universal del profesor Revillod*

ZEP&Bruller, H.: *Guía sexual de Titeuf*

TOROK, Simón & HOLPER, Paul: *Ciencia alucinante* STIEKEL, Bettina: *Los niños preguntan los premios Nobel contestan* DAVIS, Kenneth C.: *Todo lo que quieres saber sobre el Planeta Tierra* DAVIS, Kenneth C.: *Todo lo que quieres saber sobre el espacio* WOLLARD, K. & SOLOMON, D.: *El libro de los porqués* SIERRA I FABRA, Jordi: *El asesinato del profesor de matemáticas* NOVELLI, L. : *Darwin*

CURSO: 2º ESO

WIESNER, MÜLLER & MATTEI: *Tienen los animales que lavarse los dientes*

AGUILAR, Sergi: *Mendel el señor de los guisantes* BILBAO, Jon: *Leonardo da Vinci el inventor*

RODRÍGUEZ SERRANO, E.: *Cajal el travieso* RODRÍGUEZ

SERRANO, E.: *Galileo el astrónomo* RODRÍGUEZ SERRANO, E.: *Curie la atómica*

Lecturas propuestas para o resto de niveis:

- Textos sobre fenómenos naturais, curiosidades e descubrimentos científicos, noticias de actualidade, etc...

que recolla o libro de texto e que estean relacionados cos contidos das distintas unidades

- Artigos de xornais ou revistas científicas
- Páxinas de internet relacionadas coa ciencia, a tecnoloxía e a sociedade
- Libros propostos polo profesor e que se atoparán na biblioteca

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

Lense artigos de prensa, artigos de blogs e de revistas de divulgación.

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

MATERIA: VALORES ÉTICOS

Lectura oral e compartida.

Lectura voluntaria de algunha obra suxerida.

Lectura e análise de textos literarios e xornalísticos relacionados cos contidos ou coa actualidade.

Actividades para a mellora da escrita: tomar notas da información relevante, elaborar algún relato, facer composición.

Actividades para a mellora da comunicación: expresar opinión, deliberar sobre algún tema, tomar acordos, presentar os traballos ao resto do alumnado.

Específicamente en

1º ESO: algún conto para pensar, alguna fábula, algúns capítulos de *Robinson Crusoe*

3º ESO: algún texto legal/constitucional

4º ESO: algún texto legal/constitucional, fragmentos de *Medea* de Eurípides, *Antígona* de Sófocles, *Asamblearias* de Aristófanes.

MATERIA: FILOSOFÍA DE 4º ESO

Lectura de fragmentos da Odisea para mostrar a conciliación do mito coa razón.

Lectura de textos artigos de prensa relacionados coa materia de actualidade, como *Antirretórica*, de Esther Montolío.

Fragmentos de *Medea* de Eurípides, *Antígona* de Sófocles, *Asamblearias* de Aristófanes

Nada de Jane Teller

Unha utopía a escoller entre:

Utopía de Tomás Moro-libro II/*Un mundo feliz* de Aldoux Huxley/*1984* de George Orwell, *O conto da criada* de Margaret Atwood

MATERIA: FILOSOFÍA DE 1º DE BACHARELATO

O traballo na mellora da lectura e da expresión oral e escrita constituen a base, o instrumento, e mesmo un dos obxectivos prioritarios da materia. O práctica do debate e a deliberación exige exercitarse na escoita, na exposición e na argumentación. A valoración crítica das mensaxes explícitas e implícitas nos medios de comunicación poden ser o punto de partida para a lectura da prensa. Presentación oral dos traballos presentados en grupo. Lectura activa de “O orador” de Cicerón

Lectura do conto “A ovella negra” de Italo Calvino, que permite traballar a paradoxa e contidos de ética e política.

Lectura de fragmentos do Eloxio a preguiza, de Paul Lafargue.

Lectura, análise e explicación de textos representativos das diversas teorías filosóficas, e de partes relevantes de obras e ensaios.

MATERIA: HISTORIA DA FILOSOFÍA DE 2º DE BACHARELATO

Lectura de mitos clásicos

Apoloxía de Sócrates e capítulo VII da *República* de Platón

Discurso do método de Descartes

Fragmentos de *Así falou Zaratustra* de Nietzsche Textos filosóficos significativos para a materia

MATERIA: PSICOLOXÍA DE 2º DE BACHARELATO

Neurociencia para Julia de Xurxo Mariño

Lectura, análise e explicación de textos representativos das diversas teorías psicolóxicas, e de partes relevantes de obras e ensaios .

Usaremos o Manual de Psicoloxía Social de Baron Bryne para plantear dilemas e experimentos na aula.

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

MATERIA: Matemáticas CURSO: 1º ESO

MARUGÁN, Serrano: *¡Ojalá no hubiera números!* FRABETTI, C.: *Malditas matemáticas* HERZENSBERGER, H.M.: *El diablo de los números*

CURSO: 2º ESO

SIERRA I FABRA, Jordi: *El asesinato del profesor de matemáticas* SWIFT, Jonathan: *Los viajes de Gulliver* (algúns parágrafos para falar da proporcionalidade) TEIXIDOR, Emili: *El crimen de la hipotenusa* GÓMEZ, Ricardo: *Bruno e a casa do espello*
GARCÍA AZCÁRATE, Ana M^a: *Pasatiempos y juegos en la clase de matemáticas*

CURSO: 3º ESO

FRABETTI, C.: *El gran juego*

DRAKE, Stillaman: *Galileo*

ALSINA, Claudi: *El club de la hipotenusa: un paseo por la historia de las matemáticas a través de las anécdotas más divertidas*

CURSO: 4º ESO

OGAMA, Yogo: *La fórmula preferida del profesor ANDRADAS*, Carlos:

Póngame un kilo de matemáticas ALSINA, C. & GUZMÁN, M.: *Los matemáticos son gente seria* FRABETTI, C.: *El gran juego*

DRAKE, Stillaman: *Galileo*

ALSINA, Claudi: *El club de la hipotenusa: un paseo por la historia de las matemáticas a través de las anécdotas más divertidas*

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA**1º ESO**

Velloucas e minchas, LORENA CONDE

A lavandeira de San Simón, EVA MEJUTO

O achado do castro, MANUEL NÚÑEZ SINGALA

Nunca mascotas, PAULA CARBALLEIRA

2º ESO

A moura que creou o mundo, RAFA QUINTÍA

Unha estrela no vento, LEDICIA COSTAS *Cartas de inverno*, AGUSTÍN

FERNÁNDEZ PAZ *O que sei do silencio*, ANDREA MACEIRAS

3º ESO

Os nenos da varíola, MARÍA SOLAR

Makinaria, CARLOS NEGRO *22 segundos*, EVA MEJUTO

Noite de voraces sombras, AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

O corazón de Xúpiter, LEDICIA COSTAS

A punta de pistola, FRAN ALONSO

Instrucións para tomar café, MANUEL NÚÑEZ SINGALA

4º ESO

A esmorga, EDUARDO BLANCO AMOR

A praia dos afogados, DOMINGO VILLAR

Resistencia, ROSA ANEIROS

Infamia, LEDICIA COSTAS

Memorias dun neno labrego, XOSÉ NEIRA VILAS

Á lus do candil, ÁNXEL FOLE

Os vellos non deben de namorarse (con *Retrincos*), Alfonso Daniel Rodríguez Castelao

1º BACHARELATO

Galván en Saor, DARÍO XOHÁN CABANA
O malquerer, NATALIA CAROU
O bosque de levas, ALFONSO ÁLVAREZ CÁCCAMO
Tantos anos de silencio, FRANCISCO CASTRO
Cantares gallegos, ROSALÍA DE CASTRO
Estrita necesidade, CARLOS NEGRO

2º BACHARELATO

Os camiños da vida, RAMÓN OTERO PEDRAYO
O porco de pé, VICENTE RISCO
A vida secreta de Úrsula Bas, ARANTZA PORTABALES
O libro da filla, INMA LÓPEZ SILVA
Feliz Idade, OLGA NOVO
Campus morte, LITO VILA BALEATO

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

Lecturas propostas

- Textos sobre fenómenos naturais, curiosidades e descubrimentos científicos, noticias de actualidade, etc... que recolla o libro de texto e que estean relacionados cos contidos das distintas unidades.
- Artigos de xornais ou revistas científicas.
- Páxinas de internet relacionadas coa ciencia, a tecnoloxía e a sociedade.
- Libros propostos polo profesorado e que se atoparán na biblioteca como os seguintes.

Libros recomendados para a ESO

- Blanco, D.: *La serpiente de agua y otros experimentos asombrosos*
- Blanco, D.: *Las aventuras del joven Einstein*
- Mejías, P.: *Jugando con la luz*
- Arnold, N.: *Esas funestas fuerzas*
- Arnold, N.: *Esos sufridos científicos*
- Goldsmith, M.: *Los científicos y sus locos experimentos*
- Goldsmith, M.: *Los inventores y sus brillantes ideas*
- Cugat, L.: *Me llamo Albert Einstein*
- Almeida, G.: *Me llamo Galileo Galilei*
- Rodríguez, E.: *Curie la atómica*
- Gil Casanova, S.: *Las astrónomas, chicas estrella*
- Pluchet, B.: *Fisi Ka y el enigma del espejo*
- Hawking L. & S.: *La clave secreta del Universo*
- Hawking L. & S.: *El tesoro cósmico*
- Hawking L. & S.: *El origen del Universo*

Libros recomendados para Bacharelato

- Núñez Centella, R.: Esta es mi gente
- Gallo, E.: El misterio tras los inventos
- Fdez Vidal, S.: Desayuno con partículas
- Aydon, C.: Historias curiosas de la ciencia
- Schwarcz, J.: Radares, hula hoops y cerdos juguetones
- Asimov, I.: Cien preguntas básicas sobre la ciencia
- Vinagre, F.: Cuestiones curiosas de química
- Hawking, S.: Brevísima historia del tiempo
- Balbi, A. y Piccioni, R.: Cosmicomic
- Edelstein, J.: Antimateria, magia y poesía

DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

1.º ESO

ÁLVAREZ, B., *El club de los asesinos múltiples.*

GALLEGO, L., *El valle de los lobos.*

GÓMEZ CERDÁ, ALFREDO., *El tigre que tenía miedo a las gallinas.*

MORENO, ELOY., *Invisible.*

LARRAGÚBEL, C., *Donde nunca en invierno.*

LONDON, J., *Colmillo blanco.*

LOUREIRO, M., *El día después del día.*

OSÉS, B., *Erik Vogler en muerte en el balneario.*

PEDROLO, M., *Mecanoscrito del segundo origen.*

2.º ESO

Proporase unha lectura por avaliación. Algúns dos posibles títulos son os seguintes: MALLORQUÍN, C., *Las lágrimas de Shiva.*

POE, E., A., *Gato negro.*

SIERRA I FABRA, JORDI, *Campos de fresas.*

3.º ESO

Proporase unha lectura por avaliación. Para a súa escolta teranse en conta os trazos do alumnado. Algúns dos posibles títulos son os seguintes:

Anónimo, *Lazarillo de Tormes.*

Cervantes, M., capítulos escollidos do *Quijote.*

Cervantes, M., *Novelas ejemplares.*

Casona, Alejandro, *El retablo jovial.*

Haddon, Mark, *El curioso incidente del perro a medianoche.*

Mallorquí, César, *El último trabajo del señor Luna*. Poncela, Jardiel, *Cuatro corazones con freno y marcha atrás*. Ruiz García, Pedro, *El enigma del scriptorium*.

Santos, Care, *Mentira*.

Stark-McGinnis, Sandy, *La chica pájaro*.

4.º ESO

Proporase unha lectura por avaliación. Algúns dos posibles títulos son os seguintes: GALDÓS, B. P., *Marianela*.

PARDO BAZÁN, E., *La Tribuna*.

MACHADO, A., *Campos de Castilla*

1.º BAC

Proporase unha lectura por avaliación. Algúns dos posibles títulos son os seguintes: Anónimo, *Lazarillo de Tormes*.

Cervantes, M., capítulos escollidos do *Quijote*.

Cervantes, M., *Novelas ejemplares*. Molina, Tirso de, *El burlador de Sevilla*. Pardo Bazán, Emilia, *Los Pazos de Ulloa*. Vega, Lope de, *Fuenteovejuna*.

2.º BAC

NARRATIVA: García Márquez, *Crónica de una muerte anunciada*.

Grandes, Almudena, *El lector de Julio Verne*.

TEATRO: Buero Vallejo, A., *La Fundación*.

POESÍA: García Lorca, F., *Romancero gitano*.

ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL 3.º PMAR

Poderanse ler obras completas ou textos breves. Algúns dos posibles títulos son os seguintes:

ANÓNIMO, *Lazarillo de Tormes*.

CERVANTES, M., capítulos escollidos do *Quijote*. CERVANTES, M., *Novelas ejemplares*.

COSTAS, LEDICIA, *O corazón de Xúpiter*.

HADDON, MARK, *El curioso incidente del perro a medianoche*.

HILTON, SUSAN ELOISE, *Rebeldes*.

MORENO, ELOY., *Invisible*.

OSÉS, B., *Erik Vogler en muerte en el balneario*.

PONCELA, JARDIEL, *Cuatro corazones con freno y marcha atrás*.

SIERRA I FABRA, JORDI, *El asesinato de la profesora de lengua*.

DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN

As editoriais escollidas, para os libros de texto (Eva-Edixgal), nesta área, é Netex, en 1º e 2º; e Edebé, en 3º e 4º. En cada clase ofrecemos uns relatos que fan pensar e que é necesario comprender. Por esta razón, unha boa parte das lecturas que temos que facer, pódese incluír dentro deste plan: aprender a ler, de forma comprensiva e comprensible,

desenrolando a capacidade crítica, facendo síntese de contidos e sacando as conclusións fundamentais.

1º ESO

- Relatos do libro de texto, recollidos de distintas experiencias para a vida, que fan referencia aos temas tratados nesta asignatura e que motivan a reflexión e aplicación dos valores humanos á vida persoal e social, no ámbito do mundo no que vivimos.
- Neste curso, un dos eixos temáticos tratados é a persoa de Xesús de Nazaret. Facemos unha selección de fragmentos dun documento cristián (o Evanxeo de Lucas), facilitando ó mesmo tempo a comprensión lectora e a contextualización destes relatos nados nunha cultura moi diferente á nosa.

2º ESO

- Relatos do libro de texto, recollidos de distintas experiencias para a vida, que fan referencia aos temas tratados nesta asignatura e que motivan a reflexión e aplicación dos valores humanos á vida persoal e social, no ámbito do mundo no que vivimos.
- Selección de fragmentos dun documento cristián (o libro dos Feitos dos Apóstolos), no que se pode aprender especialmente o valor de saber vivir en comunidade. Coidase moito que o alumnado comprenda que a convivencia non é un valor que se poida deixar á espontaneidade de cadaquen senon que precisa ser educado e traballado en cada persoa, tanto a nivel individual coma social.

3º ESO

- Relatos do libro de texto, recollidos de distintas experiencias para a vida, que fan referencia aos temas tratados nesta asignatura e que motivan a reflexión e aplicación dos valores humanos á vida persoal e social, no ámbito do mundo no que vivimos.
- Neste curso varios temas afondan na temática bíblica, como aprendizaxe para saber vivir en liberdade. Polo tanto, faise unha selección de textos, tomados dun libro da Biblia (en galego) no que o paso da escravitude a liberdade é a mensaxe principal. No libro do Éxodo o alumnado pode descubrir valores que permanecen ó longo da historia da humanidade.

4º ESO

- Relatos do libro de texto, recollidos de distintas experiencias para a vida, que fan referencia aos temas tratados nesta asignatura e que motivan a reflexión e aplicación dos valores humanos á vida persoal e

social, no ámbito do mundo no que vivimos.

- Un tema fundamental, que se trata neste curso, é o diálogo interreligioso para a construción dun mundo en paz. Traballamos este valor coa lectura comprensiva do libro de Xonás (Biblia en galego).
- Asimesmo aconséllanse lecturas coma o libro de Robert Fisher – *El caballero de la armadura oxidada*, na que se ensina, de xeito ameno, a liberarnos das barreiras que nos impiden amarnos e coñecernos a nós mesmos, para ser capaces de dar e recibir amor ós demais. E tamén: *La alegría de vivir*, de Phil Bosmans; *El canto del pájaro* e *¿Quién puede hacer que amanezca?* de Anthony de Mello

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

Hipolina Quitamiedos, Natalia Gómez

Puerta de luz, Luis Bustos

Economía en colores, Xavier Sala *Despertando la creatividad*, Elba

Pedrosa *Narrativas económicas*, Robert J. Shiller

Momentos estelares de Econolandia, Antonio Pulido

La economía no da la felicidad, Jose Carlos Díez

El economista camuflado ataca de nuevo, Tim Harford

¡Huy!, John Lanchester

Mil millones de mejillones, Fernando Trias de Bes

El hombre que cambió su casa por un tulipán, Fernando Trias de Bes

¿Quién se ha llevado mi queso?, Spencer Johnson

La vuelta al mundo de un forro polar ártico, Wolfgang Korn

Necroeconomía, Marta Flich

10 minutos, 10 meses, 10 años, Suzy Welch

Naranjas de la China, Julio Arias *El fin del mundo*, Marta García

Contra los Zombis, Paul Krugman

Acabad ya con esta maldita crisis, Paul Krugman

50 cosas que hay que saber sobre economía, Edmund Conway *El reloj,*

el gato y Madagascar, Jose Luis Sampedro *Repensando la pobreza,*

[Esther Duflo](#), [Abhijit Banerjee](#)

Cómo salimos de esta, [Stephen Mihm](#), [Nouriel Roubini](#)

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

CURSO: 1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO

Lectura de libros, conforme ao seu nivel, a determinar a comezos de curso.

CICLOS SUPERIORES

GRISHAM, J.: *The street lawyer*

CICLOS MEDIOS

JENKINS, M.: *A safari mystery*

Así mesmo, este departamento constitúe un grupo de alumnado como Club de Lectura, coas

correspondentes lecturas, comezando con *The Curious Incident of the Dog in the Nighttime*, de Mark Haddon.

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

Este Departamento cubre as necesidades lectoras a través do Club de Lectura cos seus dous grupos.

3. AVALIACIÓN

O balance das intervencións referidas quedará reflectido na memoria de cada departamento e na do PLAMBE daquelas que dependen da Biblioteca.

[VOLVER](#)